



## TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

O papel dos gobernos locais na sustentabilidade agrícola:  
Análise do cultivo de pataca coma motor rural na Limia

El papel de los gobiernos locales en la sostenibilidad agrícola: Análisis del cultivo de  
la patata como motor rural en la Limia

The role of local governments in agricultural sustainability: Analysis of potato  
cultivation as a rural driver in Limia

TANIA GARCÍA ALONSO

MÁSTER UNIVERSITARIO EN GOBERNO LOCAL E POLÍTICAS PÚBLICAS  
INNOVADORAS

Titor: Francisco Jesús Ferreiro Seoane

Curso académico 2024-2025

Grazas ao meu titor, Francisco Ferreiro, pola súa guía, compromiso e esforzo dedicados.

Grazas aos membros do proxecto integrado neste traballo no que tiveron o pracer de participar, que me permitiron aprender e aproveitar o coñecemento para a realización deste Traballo Fin de Mestrado.

E en especial, grazas ao meu equipo, Pedro, Inés e Patricia, por sosterme, inspirarme e alzarme nos momentos precisos.

**Resumo:** Este Traballo Fin de Mestrado estuda o papel das administracións locais no seo do desenvolvemento agrario e alimentario, partindo dunha tendencia de desagrarización galega preocupante e de limitacións das competencias dos gobernos locais en dita materia. O estudo busca analizar, particularmente, a situación do sector pataqueiro na comarca da Limia. Concretamente, profundarase na análise do concello de Xinzo de Limia por tratarse do territorio local onde especialmente se leva a cabo esta actividade, que serve coma motor económico na zona estudada. Co fin de coñecer a realidade do sector e as políticas que podería desempeñar o goberno local para o desenvolvemento do mesmo, combínase a revisión teórica, a análise estatística e a análise de entrevistas a expertos do sector. Os resultados revelan un declive do sector pataqueiro, diversas problemáticas e rixideces estruturais e unhas competencias locais moi limitadas. Non obstante, tamén se evidencian múltiples medidas e políticas que se consideran viables para impulsar o desenvolvemento do sector.

**Palabras Chave:** Administracións locais, competencias, políticas públicas, sector agrario, pataca, Limia.

**Resumen:** Este Trabajo de Fin de Máster estudia el papel de las administraciones locales en el ámbito del desarrollo agrario y alimentario, partiendo de una preocupante tendencia a la desagrarización gallega y de las limitaciones de las competencias de los gobiernos locales en dicha materia. El estudio busca analizar, en particular, la situación del sector de la patata en la comarca de A Limia. Concretamente, se profundiza en el análisis del municipio de Xinzo de Limia, por tratarse del territorio local donde se desarrolla especialmente esta actividad, que sirve de motor económico en la zona estudiada. Con el fin de conocer la realidad del sector y las políticas que podría llevar a cabo el gobierno local para su desarrollo, se combina la revisión teórica, el análisis estadístico y el análisis de entrevistas a expertos del sector. Los resultados revelan un declive del sector de la patata, diversas problemáticas y rigidez estructural y unas competencias locales muy limitadas. No obstante, también se evidencian múltiples medidas y políticas que se consideran viables para impulsar el desarrollo del sector.

**Palabras clave:** Administraciones locales, competencias, políticas públicas, sector agrario, patata, Limia.

**Abstract:** This Master's Thesis studies the role of local administrations in the field of agricultural and food development, based on a worrying trend towards deagrarianization in Galicia and the limitations of local governments' powers in this area. The study seeks to analyze, in particular, the situation of the potato sector in the Limia region. Specifically, it delves into the analysis of the municipality of Xinzo de Limia, as it is the local territory where this activity is particularly developed, serving as the economic engine of the area studied. In order to understand the reality of the sector and the policies that the local government could make for its development, it combines theoretical review, statistical analysis, and analysis of interviews with experts in the sector. The results reveal a decline in the potato sector, various problems and structural rigidity, and limited local powers. However, they also highlight a number of measures and policies that are considered viable for promoting the development of the sector.

**Keywords:** Local administrations, powers, public policies, agricultural sector, potato, Limia.

## **ABREVIATURAS**

PAC: Política Agraria Común

CA: Comunidade Autónoma

IXP: Indicación Xeográfica Protexida

RD: Real Decreto

MAPA: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

AXE: Administración Xeral do Estado

BOE: Boletín Oficial do Estado

MAEUEC: Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación

CCAA: Comunidades Autónomas

AAPP: Administracións Públicas

UE: Unión Europea

CE: Constitución Española

EA: Estatuto de Autonomía

LRBRL: Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

CE: Comisión Europea

FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

LEADER: Vínculos Entre Accións de Desenvolvemento da Economía Rural

AGADER: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

FAO: Food and Agriculture Organization

BM: Banco Mundial

OMC: Organización Mundial de Comercio

SIAL: Sistema Agroalimentario Localizado

IX: Indicacións Xeográficas

EEUU: Estados Unidos

INE: Instituto Nacional de Estatística

IGE: Instituto Galego de Estatística

INORDE: Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico

DAFO: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades

ZEPA: Zona Especial de Protección para as Aves

SA: Sociedades Anónimas

SL: Sociedades Limitadas

PEMES: Pequenas E Medianas Empresas

PIB: Produto Interior Bruto

LOEOSF: Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN .....	1
1.1. Xustificación.....	1
1.2. Obxectivos .....	2
1.3. Estrutura do traballo .....	2
2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS E LITERATURA PREVIA .....	3
2.1. A pataca coma cultivo estratéxico: historia, economía e territorio .....	3
2.2. O papel dos gobernos no ámbito agrario e alimentario .....	7
2.3. A Política Agraria Común e a súa aplicación nos distintos ámbitos territoriais .....	10
2.4. Enfoques teóricos sobre políticas locais agroalimentarias.....	11
2.5. Políticas en pos do desenvolvemento agrario e alimentario .....	13
3. METODOLOXÍA .....	18
4. ANÁLISE .....	21
4.1. Caracterización xeral da Comarca da Limia.....	21
4.2. Diagnose da situación actual do sector da pataca.....	25
4.3. Diagnose das entrevistas a expertos do sector da pataca na Limia .....	38
4.4. Análise DAFO .....	52
5. DISCUSIÓN.....	55
5.1. Propostas de políticas públicas a desempeñar polo goberno local .....	56
6. CONCLUSIÓNS .....	60
7. BIBLIOGRAFÍA.....	62
<b>ANEXO 1. Cuestionario realizado nas entrevistas aos expertos do sector da pataca. ....</b>	<b>65</b>

## ÍNDICE DE FIGURAS

<b>Figura 1.</b> Porcentaxe de empresas segundo a condición xurídica na Limia para 2023 .....	23
<b>Figura 2.</b> Paro rexistrado por sectores na Limia en 2024 .....	24
<b>Figura 3.</b> Produción de pataca por áreas mundiais en porcentaxe. ....	27
<b>Figura 4.</b> Porcentaxe de superficie, produción e valor por países (2024).....	28
<b>Figura 5.</b> Evolución toneladas, hectáreas, valor (Mill €) e prezos (€/100kg) en base 2018 = 100 .....	31
<b>Figura 6.</b> Comparativa entre a superficie e a produción en % por CCAA para o 2024.	

## ÍNDICE DE TÁBOAS

<b>Táboa 1.</b> Produción de pataca por áreas mundiais e países en millóns de toneladas e porcentaxe sobre o total da produción (2023).....	26
<b>Táboa 2.</b> Evolución da produción, valor, superficie e prezos en España para o período 2018-2024.....	30
<b>Táboa 3.</b> Produción de pataca en España por Comunidade Autónoma. ....	32
<b>Táboa 4.</b> Superficie e produción da pataca por CCAA en España para o ano 2024	33
<b>Táboa 5.</b> Produción de pataca en Galicia por provincia no período 2018-2022 .....	36
<b>Táboa 6.</b> Superficie cultivada de pataca en Galicia por provincia no bienio 2023-2024. ....	36
<b>Táboa 7.</b> Produción de pataca en Galicia por provincias no bienio 2023-2024. ....	37
<b>Táboa 8.</b> Listaxe de entrevistados. ....	39
<b>Táboa 9.</b> Esquema das temáticas desenvolvidas durante as entrevistas.....	40
<b>Táboa 10.</b> Análise DAFO realizado a partir das entrevistas. ....	53

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Xustificación

O sector agrario leva sendo un pilar fundamental das sociedades dende o seu comezo, mais dende xa fai décadas está a sufrir un detrimento significativo. Galicia, coma tantos outros territorios, entrou no século XXI cun tecido produtivo debilitado por un longo proceso de selección e de declive na súa agricultura. Este feito conséntase tras observar a intensa diminución que experimenta o peso relativo do sector agrario tanto en termos produtivos coma sobre todo no ámbito do emprego dende os anos 70, culminando nunha abrupta tendencia de desagrarización (López, 2019).

O resultado foi a diminución do peso macroeconómico correspondente ao sector agrario en Galicia, a caída do emprego agrario e a regresión demográfica da maioría das comarcas rurais xunto coa forte desagrarización. Aínda así, o peso deste sector na comunidade galega continúa sendo relativamente elevado dentro do contexto español e europeo, podendo afirmar deste xeito que Galicia mantén unha certa especialización agraria (López, 2019).

Así pois, pénsase que se pode atopar un camiño transformador cara unha agricultura sostible no tempo. Galicia é un dos lugares do mundo onde aínda a día de hoxe persisten antigas prácticas coma o cultivo da terra a pequena escala. Esta estrutura minifundista da terra desempeña un papel crucial na preservación dos espazos de agricultura familiar destinados ao consumo local e de proximidade (Botana e Novas, 2023).

Asemade, esta estrutura que se mostra persistente precisa do impulso e axuda das administracións públicas competentes, facendo indispensable a colaboración do goberno local, que é o que se atopa máis preto das necesidades dos seus cidadáns e do sector agrícola que neses territorios se desenvolve.

Por outra banda, a escolla da temática responde ao interese persoal polo estudo en profundidade da Galicia rural e á preocupación en particular polo deterioro do tecido agrario que envolve a nosa identidade, así como tamén ao pensamento de que o papel das administracións locais pode e debe afrontar -coas limitacións lóxicas- os desafíos sinalados.

## **1.2. Obxectivos**

Debido ao exposto, este estudo pretende coma obxectivo primordial *analizar o papel que desempeñan e/ou poderían desempeñar os gobernos locais en materia dun sector agrícola sustentábel*. Ademais, e indo aos obxectivos específicos, o estudo céntrase en *realizar unha análise da realidade do sector agrícola nun territorio local onde este é o seu motor económico*.

Por outra banda, e rematando cos principais obxectivos, o presente traballo pretende *elaborar unha serie de propostas de políticas públicas que atendan ás necesidades do sector na zona analizada*.

## **1.3. Estrutura do traballo**

Para dar resposta ás cuestións que se expoñen coma obxectivos do presente traballo, o primeiro paso a dar corresponde á introdución, onde se presentan a xustificación do tema e os obxectivos perseguidos co estudo.

No segundo apartado atópanse os antecedentes históricos e a revisión de literatura previa relativa á evolución e relevancia do cultivo da pataca, do papel dos gobernos no ámbito agrario e alimentario, da Política Agraria Común (PAC), de enfoques teóricos sobre políticas agroalimentarias e algún exemplo de políticas desempeñadas polos gobernos en ditas materias.

Logo, ten lugar o apartado metodolóxico, que expón a estratexia de investigación que se seguiu, onde se detallan as técnicas a través das cales se recolleron os datos empregados para realizar o estudo.

A partires do terceiro apartado comeza a análise en profundidade mediante as metodoloxías escollidas, para posteriormente no quinto apartado realizar a discusión dos resultados e as propostas sinaladas. Nesta discusión poñeranse os resultados en relación coa literatura exposta previamente, para visualizar así a súa correspondencia ou disquisición.

Por último, complétase o traballo cun apartado de conclusións onde se plasman aquelas principais ideas ás que permite chegar a análise realizada. Ademais, a bibliografía e o anexo dan por finalizado o presente traballo.

## 2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS E LITERATURA PREVIA

### 2.1. A pataca coma cultivo estratéxico: historia, economía e territorio

Seguindo a Ramón Margalef (1945), a historia da pataca ten os seus orixes en dous centros de formación para as distintas especies cultivadas naquel momento, un no sur de Chile *-tuberosa-* e outro nas terras altas de Perú e Ecuador. Concretamente, os inicios do cultivo do tubérculo denominado pataca remóntanse a fai preto de dez mil anos na rexión do lago Titicaca en Perú e Bolivia *-andíxena-*, segundo o que indica Hawkes en 1993 (López Mateo, 2007).

A posterior introdución do tubérculo na península ibérica produciuse arredor de 1570. Os navegantes españois trouxérona a España na segunda metade do século XVI e comezou a cultivarse pouco despois en Canarias e Sevilla, primeiro coma alimento para o gando e logo, en casos de necesidade, coma alimento humano para as persoas con escasos recursos. Asemade, no século XVII foi empregada nalgúns hospitais de Sevilla como alimento complementario das dietas dos pacientes que alí se atopaban.

Logo, comezou a estenderse de xeito veloz pola diversidade de países europeos en menos dun século e, nos séculos XVII e XVIII introduciuse en países asiáticos coma por exemplo India, Xapón e China. Posteriormente, a comezos do século XVIII introduciuse analogamente en Norteamérica, sendo as variedades cultivadas na actualidade na zona templada as orixinarias de Chile (López, 2007).

A pesar destes usos que se foron dando, aínda a mediados do século XVIII as patacas so eran cultivadas de maneira regular nas Illas Canarias, nalgúns lugares de Galicia *-Mondoñedo-* e no corazón de Castela a Mancha (Piqueras, 1992).

Naquel entón, as reticencias da poboación de cara a introducir a pataca coma alimento de consumo humano eran notorias. Pensaban que se trataba dun alimento insán, achacándolle enfermidades coma a lepra ou as febres. Aínda así, chegados os tempos de fame provocados pola escaseza de alimentos e o encarecemento dos cereais en 1750, a aceptación da pataca comezou a xeneralizarse (Piqueras, 1992).

A difusión da pataca en España e a súa aceptación coma alimento humano concéntrase no período 1750-1850, coincidindo á súa vez coa creación das Sociedades Económicas. De xeito lóxico, a xeneralización do cultivo da pataca era un feito que acabaría ocorrendo case irremediabilmente en España ao igual que no resto de Europa sen a necesidade do impulso das Sociedades Económicas. Non obstante, cabe mencionar o seu papel na divulgación deste cultivo así como tamén a súa contribución á hora de que a poboación perdesse o medo a consumir dito alimento. Ademais, como aliados a estas sociedades destacaban os curas párrocos dos distintos pobos de España, que deixaron a súa labor reflectida no Seminario de Agricultura e Artes (Piqueras, 1992).

Pasando ao caso galego e á aparición da pataca no territorio o cal nos concirne, Galicia, non é ata o ano 1607 cando aparece a primeira mención do cultivo do tubérculo obxecto de estudo. Así, e de acordo co que apunta Bouhier en 1979, durante o século XVII e a primeira metade do XVIII o cultivo da pataca en Galicia redúcese a algúns ensaios en monasterios e casas nobres. Porén, existe algunha excepción en parroquias de Ourense nas que hai constancia do cultivo de pataca nesta época, particularmente en terras de regadío ou secano en rotación co lino ou co cereal (López Mateo, 2007).

No período 1750-1765 a pataca xa se producía en múltiples zonas da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia, mais a superficie total que ocupaba era pequena. Foi durante a primeira metade do século XIX cando se estendeu con máis notoriedade vencendo a oposición de determinados sectores da poboación e as dificultades de adaptación do sistema agrario ata entón vixente. Neste momento, no terzo norte da actual provincia de Lugo, nas montañas orientais e na alta Limia cultivábase o tubérculo na totalidade das parroquias que conformaban estes territorios, mentres que na Galicia occidental a pataca aínda non estaba xeneralizada coma cultivo (López Mateo, 2007).

Así, a partir de 1865, e despois do ataque do mildiu que reduciu tanto a superficie coma o número de variedades cultivadas nos anos anteriores, o cultivo da pataca recuperouse introducindo simultaneamente novas variedades. Estas foron traídas por barcos ingleses que arribaban ás cidades de Vigo e A Coruña ou tamén difundidas pola Granxa Experimental da Coruña, factores que fixeron que o cultivo se propagase axilmente (López Mateo, 2007).

Despois de 1890 a expansión da pataca en Galicia foi aumentando a súa rapidez grazas ao desprazamento do barbeito en rotación polo centeo, á decadencia do castaño e á primeira divulgación dos abonos químicos -superfosfatos, particularmente- que se aplicaban ao centeo e permitían dispoñer de abono orgánico para aplicar á pataca, cultivo de segundo ano nun sistema de rotación.

Logo de 1925 dá comezo o segundo desenvolvemento do cultivo da pataca, no que o número de variedades superaba as duascentas pese a que tamén se comezaban a adoptar algunhas variedades estranxeiras con gran produtividade. Deste xeito, zonas coma a alta Limia estaban a especializarse xa en variedades coma a “Valenciana”, o que lles permitiu ser en 1935 exportadores de patacas de consumo e de semente cara a Portugal.

Así, e de xeito lóxico, o cultivo da pataca dende finais do século XIX foi unha das claves principais á hora de falar do enriquecemento do sistema agrario galego, resaltando a súa especial importancia na zona oriental da CA.

Máis adiante, entre a década de 1960 e a de 1990 a produción de pataca medrou un 4% anual nos países en desenvolvemento, prevéndose xa que nun futuro incrementaría a importancia da pataca na alimentación humana debido ao seu gran índice de colleita -relación entre o peso dos órganos comestibles e o peso total- e tamén debido ao potencial incremento do seu rendemento en Europa, especialmente nos países en desenvolvemento (López Mateo, 2007).

En 2005, a superficie cultivada relativa a este tubérculo era en España de 94.600 hectáreas (ha) e o rendemento medio de 27,5 t ha<sup>-1</sup>. Este rendemento encontrábase moi por riba tanto da media europea -15,5 t ha<sup>-1</sup>- coma da mundial -16,2 t ha<sup>-1</sup>-, feito que fixo que entre 1995 e 2005 se mostrase no país unha maior diminución da superficie dedicada ao cultivo de pataca, con unha diminución da produción comparativamente menor (López Mateo, 2007).

No caso concreto de Galicia, o cultivo de pataca ocupaba en 2004 unha superficie total de 21.731 hectáreas, converténdose no terceiro cultivo agrícola desta CA por detrás da vide e dos cereais. Así, o 3% desta superficie estaba acollida á Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Pataca de Galicia”, e en total a produción galega de patacas naquel entón estaba en torno ás 513.646 toneladas anuais, das cales 4.800 pertencían á produción certificada como “Pataca de Galicia” segundo datos do ano 2003.

Co fin de materializar a relevancia de dita produción, cabe sinalar que no ano 2003 o valor da mesma alcanzou os 86 millóns de euros a prezo de produtor, sendo 1.800.000 euros relativos á produción comercializada baixo a IXP “Pataca de Galicia”.

En canto á distinción por provincias, Ourense é a que rexistraba unha maior produción de pataca -175.045 toneladas-, distribuíndose principalmente entre as comarcas da Limia e de Allariz-Maceda. A pesares da xa comentada extensión do cultivo pola meirande parte das comarcas galegas chegados estes anos, é salientable a súa maior presenza e maior superficie cultivada en Bergantiños, Lugo, a Terra Chá e as dúas comarcas ourensás mencionadas con anterioridade.

Centrándose máis no obxecto de estudo desta investigación, cómpre poñer en contexto a situación da comarca de A Limia, localizada en Ourense. A Limia xa era naquel entón a comarca galega con máis superficie dedicada ao cultivo da pataca con aproximadamente 4000 hectáreas de superficie cultivada. Ademais, pertence a unha das catro subzonas que se incluían na IXP “Pataca de Galicia”, xunto con Bergantiños, Lemos e Vilalba (López Mateo, 2007).

Na comarca estudada practícase un tipo de agricultura intensiva centrada na produción da pataca. O cultivo lévase a cabo coa aplicación de doses elevadas de fertilizantes, tanto minerais coma orgánicos. Por outra banda, a explotación media da comarca contaba en 2003 cunha superficie de 17,4 hectáreas (López Mateo, 2007).

A continuación, e co obxectivo de aproximarse á realidade existente a día de hoxe en canto á situación do cultivo da pataca, procédese a expoñer dita realidade a través da información extraída das distintas fontes de datos dispoñibles. Desta forma, sentarase unha base teórica sobre a cal se pretende sustentar e complementar o traballo de investigación.

## **2.2. O papel dos gobernos no ámbito agrario e alimentario**

Para poñer en contexto o marco legal e institucional que determina cal é o papel do goberno local no ámbito agrario e alimentario, cómpre en primeira instancia sinalar as competencias que en dita materia se lle atribúe a cada nivel gobernamental. Así, empregando como base o Real Decreto (RD) 717/2024, de 23 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), detállanse as seguintes disposicións que definen as competencias na materia obxecto de estudo.

Desta maneira, é o MAPA o Departamento competente no ámbito da Administración Xeral do Estado (AXE) no relativo á proposta e execución da política de Goberno en materia de recursos agrícolas, gandeiros e pesqueiros, de alimentación, de industria e seguridade agroalimentarias e de desenvolvemento do medio rural (BOE, 2024).

Asemade, corresponde ao MAPA, no ámbito das competencias do Estado, a elaboración da lexislación estatal nas materias agrícolas, pesqueiras, alimentarias e de desenvolvemento rural; a proposta e execución das directrices xerais do Goberno sobre a política agraria, pesqueira, alimentaria e de desenvolvemento rural; a representación do Estado nos organismos internacionais correspondentes a estas materias, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC); así como a coordinación de actuacións, a cooperación e a concertación no deseño e aplicación de todas as políticas que afecten ao ámbito de competencias das Comunidades Autónomas (CCAA) e das restantes Administracións Públicas (AAPP), propiciando a súa participación a través dos órganos e instrumentos de cooperación adecuados (BOE, 2024).

Así, as competencias atribuídas neste RD entenderanse en coordinación e sen prexuízo de aquelas que corresponden a outros departamentos ministeriais. Concretamente, todas as competencias relacionadas coas institucións da Unión Europea (UE) ou con organismos internacionais exerceranse en coordinación co MAEUEC (BOE, 2024).

Ademais, son órganos superiores e directivos do Departamento, dependentes directamente do seu titular: a Secretaría do Estado de Agricultura e Alimentación, a Secretaría Xeral de Recursos Agrarios e Seguridade Alimentaria, a Secretaria Xeral de Pesca e a Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación (BOE, 2024).

Por último en canto ás competencias rigorosamente estatais, como órgano de apoio e asistencia inmediata, depende directamente do Ministro ou Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación un Gabinete, con rango e composición establecidos no artigo 23 do RD 1009/2023, de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais (BOE, 2024).

Polo tanto, e en base ao exposto, é o goberno estatal o que determina na súa esencia as bases da materia de agricultura e alimentación en España. Sen embargo, e como se expón no RD mencionado con anterioridade, non son competencias exclusivas, é dicir, estas poden estar delegadas, compartidas ou en cooperación con outros niveis de goberno coma o autonómico e, en menor medida, o local.

Segundo o artigo 148.1.7ª da Constitución Española (CE), e grazas á existencia dos Estatutos de Autonomía (EA) no conxunto do estado español para cada unha das súas CCAA, son estas as que poderán asumir competencias en materia de agricultura e gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía. Así, todos os EA, sen excepción, atribúen esta competencia ás súas respectivas CCAA (CE, 1978).

En particular, e co obxectivo de achegarse ao chanzo autonómico da comunidade á que refire este estudo, o EA de Galicia establece no seu artigo 30 as competencias que esta posúe exclusivamente. Deste xeito, o 30.1.3ª sinala a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería. En relación co obxecto deste traballo tamén cabe sinalar o artigo 30.1.1ª, que lle confire á CA de Galicia competencia exclusiva en fomento e planificación da actividade económica en Galicia (Xunta de Galicia, 1981).

Da mesma maneira tamén cómpre mencionar o artigo 30.1.4ª do EA, debido á competencia en denominacións de orixe en colaboración co Estado e o 30.1.7ª a) e 30.1.7ª b), que atribúen competencias á comunidade para o desenvolvemento e execución en Galicia de plans do Estado para a reestruturación de sectores económicos e programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de

actividades produtivas e implantación de novas empresas, respectivamente (Xunta de Galicia, 1981).

Asemade, e tomando como base a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), dispónse no seu artigo 24 que para facilitar a participación cidadá na xestión dos asuntos locais e mellorar dita xestión, os municipios terán a posibilidade de establecer órganos territoriais de xestión desconcentrada, con organización, funcións e competencias que cada concello lles confira, atendendo ás características do asentamento da poboación no termo municipal, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio (BOE, 1985).

Ademais, no artigo 24 bis establécese que as leis das CCAA sobre réxime local regularán os entes de ámbito territorial inferior ao municipio, que carecerán de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados. Estes núcleos son os tradicionalmente coñecidos coma caseríos, parroquias, aldeas, barrios, anteiglesias, concellos, pedanías, lugares alleos e outros análogos (BOE, 1985).

A iniciativa corresponderá indistintamente á poboación interesada ou ao concello correspondente, tendo que ser este último escoitado en calquera caso. O último punto sinalado neste artigo establece que só poderán crearse este tipo de entes se resulta unha opción máis eficiente para a administración desconcentrada de núcleos de poboación separados de acordo cos principios previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) (BOE, 1985).

Por outra banda, mais seguindo coa mesma base legislativa, o artigo 25 da lei exposta anteriormente regula as competencias atribuídas aos municipios. No relativo a este estudo é de interese sinalar a competencia conferida en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante. Sen embargo, non se pode esquecer que no artigo 27 se expón que tanto o Estado coma as CCAA, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias -segundo criterios homoxéneos- (BOE, 1985).

### **2.3. A Política Agraria Común e a súa aplicación nos distintos ámbitos territoriais**

A PAC, creada en 1962, é unha política común para todos os países da Unión Europea (UE) que xestiona e financia a escala europea mediante os recursos do orzamento da UE. Deste xeito, representa unha asociación entre a agricultura e a sociedade e entre Europa e os seus agricultores (Comisión Europea (CE), 2025).

Asemade, os seus principais obxectivos son apoiar aos agricultores e mellorar a produtividade agrícola, asegurando un subministro estable de alimentos accesíbel, garantir aos agricultores da UE un nivel de vida razoable, contribuír á loita contra o cambio climático e á xestión sostible dos recursos naturais, conservar os paisaxes e zonas rurais de toda a UE e manter vida a economía rural, impulsando o emprego na agricultura, as industrias agroalimentarias e os sectores asociados (CE, 2025).

Para determinar a base xurídica á que se ampara a PAC cómpre mencionar que se esta se recolle no Tratado de Funcionamento da Unión Europea e que está cuberta principalmente por tres regulamentos -aplicados xeralmente dende o 1 de xaneiro de 2023-. O Regulamento (UE) 2021/2116, sobre a financiación, a xestión e o seguimento da PAC e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1306/2013; o Regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos nacionais da PAC e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013; e o Regulamento (UE) 2021/2117, que modifica os Regulamentos (UE) nº 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, (UE) nº 1151/2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, (UE) nº 251/2014, sobre a definición, descrición, presentación, etiquetado e protección das indicacións xeográficas dos produtos vitivinícolas aromatizados, e (UE) nº 228/2013, polo que se establecen medidas específicas no sector agrícola en favor das rexións ultraperiféricas da Unión (CE, 2025).

Así, e contando co anterior, é a Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión a que se ocupa da xestión da PAC, podendo aprobar actos delegados e de execución para a súa aplicación (CE, 2025).

Para entender a PAC dende as políticas públicas e o enfoque de gobernanza multinivel que leva consigo, é importante destacar que a pesar de ser unha política europea a súa execución pasa polos Estados membros e polas CCAA. Por exemplo, e achegándose ao caso relevante neste estudo, Galicia xestiona parte do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e coordina medidas agroambientais con un enfoque territorial. Ademais, os gobernos locais tamén participan a través de instrumentos coma os Grupos de Acción Local LEADER - Vínculos Entre Accións de Desenvolvemento da Economía Rural- (Piattoni, 2009).

Así, e referíndose concretamente ao cultivo de pataca, esta non está subvencionada directamente coma cultivo prioritario. Sen embargo, recibe pagos desacoplados se a explotación está rexistrada e ten a posibilidade de acceder a axudas para a modernización das explotacións -a través da vía AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)-. Outro punto relevante é que o cultivo deste tubérculo aplica a fondos do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, onde se detallan diversas subvencións e axudas ás que os cultivadores poden optar, así como tamén as condicións e vantaxes conferidas mediante os selos de calidade e denominacións de orixe (MAPA, 2023).

Polo tanto, pódese extraer a conclusión de que a PAC incentiva e financia infraestrutura para o desenvolvemento rural, a transformación agroalimentaria e diferentes iniciativas de relevo xeracional e apoio a agricultores mozos (MAPA, 2023).

#### **2.4. Enfoques teóricos sobre políticas locais agroalimentarias**

Tendo en conta o exposto con anterioridade, é lóxico pensar que a gobernanza local, pese a ter cabida e existir, ten un papel excesivamente limitado no ámbito da agricultura e da alimentación. O sistema alimentario está condicionado e rexido por ámbitos autonómicos, mais sobre todo por ámbitos e políticas estatais e supranacionais.

Isto supuxo e sigue supoñendo a día de hoxe unha cuestión de debate, pois, debe ser así ou pola contra deberían ampliarse as competencias locais ao respecto?

Co obxectivo de contextualizar o debate, preséntanse os dous paradigmas existentes dende aproximadamente os anos 2000. O primeiro deles, e o historicamente hexemónico, correspóndese con un enfoque sobre a **seguridade alimentaria**, centrando a súa atención en garantir a dispoñibilidade e o acceso aos alimentos mediante mecanismos de produción, distribución e comercio.

Así, oriéntase cara unha lóxica de eficiencia e competitividade de mercado, onde a súa aplicación tende a poñer por diante o incremento da produtividade, o libre comercio, o aumento da produción, o asistencialismo, a xestión de riscos, o control da pobreza, a preocupación polo subministro, a concentración de terras, o emprego de agroquímicos e a estandarización dos produtos. Este enfoque, predominante e imposto na realidade, está sustentado polas institucións internacionais –Food and Agriculture Organization (FAO), Banco Mundial (BM), Organización Mundial do Comercio (OMC) e inclusive a PAC- (López et al, 2015).

Por outra banda, o paradigma da **soberanía alimentaria** aparece coma crítica ante o paradigma hexemónico dominante. Este defínese coma o dereito dos pobos a definir as súas propias políticas agrícolas e alimentarias, poñendo por diante a produción local, o respecto ao medio ambiente, o acceso equitativo á terra e a participación das comunidades na toma de decisións. Deste xeito, promóvese un modelo agroalimentario máis democrático, sostible e adaptado ao territorio (López et al, 2015).

É dicir, é un punto indispensábel poñer en valor o papel dos gobernos locais, non so coma executores de políticas senón tamén coma actores chave á hora de establecer unha reorientación das estratexias alimentarias cara a modelos máis sustentábeis e democráticos.

En particular, no caso de Galicia e máis concretamente na comarca de A Limia, coexisten ambos paradigmas. Por un lado, trátase dun modelo agroindustrial dominante como a maioría dos existentes -altamente mecanizado, dependente de importacións exteriores e orientado a mercados amplos (MAPA, 2023; La Región, 2023).

Sen embargo, por outro lado, conta á súa vez con propostas de revalorización do produto local a través de iniciativas coma a IXP Pataca de Galicia (IXP Pataca de Galicia, 2024), a participación en mercados de proximidade ou a incorporación de prácticas agroecolóxicas impulsadas por cooperativas e proxectos locais financiados a través de fondos LEADER ou programas da Xunta de Galicia (Xunta de Galicia, 2022).

Exponse entón a posibilidade de que se produza un ancoraxe entre a produción alimentaria e o territorio, unha teoría xa estudada e desenvolvida que se denomina Sistema Agroalimentario Localizado (SIAL). Este enfoque, seguindo a (Fournier et al, 2012) estuda a forma en que a produción alimentaria se enraíza no territorio, incorporando as dimensións produtivas, institucionais, simbólicas e organizativas.

Desta maneira, remárcase a relevancia dos elementos territoriais mediante un sistema que non depende só de factores xeográficos ou técnicos. É dicir, o sistema proposto depende das relacións sociais, das estruturas de gobernanza local, dos procesos de patrimonialización dos produtos e da cooperación entre os actores que forman parte do mesmo. En consecuencia, favoreceríase un desenvolvemento máis endóxeno e sostible do sistema produtivo fronte aos límites do modelo agroindustrial baseado na estandarización e nas lóxicas de mercado (Fournier et al, 2012).

## **2.5. Políticas en pos do desenvolvemento agrario e alimentario**

Alén do exposto anteriormente coma literatura previa que aproxima o entendemento do obxecto de investigación, cómpre mostrar a realidade existente e as bases teóricas que sustentan as posteriores achegas deste traballo para o caso concreto da Limia.

Con isto, quérese dicir que é de relevo facer unha revisión de casos reais postos en marcha por diversos gobernos en canto ao que políticas públicas relacionadas co desenvolvemento agrícola e alimentario se refire. Así, esta revisión permitirá posteriormente fundamentar dunha forma máis veraz e sólida as propostas descritas coma finalidade deste traballo. Do mesmo xeito, servirá coma unha guía que aporte ideas e demostre o que é factible, posto que amosará unha visión realista e aproximada do que acontece na realidade dos gobernos.

O primeiro dos artigos que se toman coma referencia estuda os ámbitos de gobernanza nas políticas alimentarias urbanas, trasladando a idea de que a gobernanza en políticas alimentarias urbanas é un aspecto pouco desenvolvido tanto en concepto coma nas ferramentas específicas dispostas. Malia isto, estuda o xeito no que se desenvolven estas políticas en diversas cidades de España, tendo coma un dos obxectivos identificar as prácticas de boa gobernanza alimentaria que se están levando a cabo (López-García et al., 2020).

Deste xeito, o estudo encontra que varias cidades están constituíndo Consellos Alimentarios ou Comités de Seguimento do Pacto de Milán. Concretamente, algunhas cidades con maior presenza de horticoltura tradicional manteñen órganos participativos tradicionais e específicos do sector agrario, xeralmente orientadas á xestión de infraestruturas e do territorio agrario -Consells Agraris Municipals de Lleida e Valencia- (López-García et al., 2020).

En contraposición, as cidades que non dispoñen deste tipo de institucións tradicionais apuntan cara a creación de órganos novos, directamente vencellados á gobernanza integral das políticas alimentarias e, en xeral, incorporados en procesos participativos máis amplos creando Mesas de Seguimento do Pacto de Milán sobre Políticas Alimentarias Urbanas -Córdoba, Madrid e Valladolid-. Estes órganos non formalizados articulan a entidades sociais, económicas e concellerías implicadas na Estratexia Alimentaria para o seguimento da súa implementación (López-García et al., 2020).

A modo de exemplo, o concello de Zaragoza incorporou á Comisión de Soberanía Alimentaria -do Consello Sectorial Axenda 21 Local- a competencia de seguimento da implementación da Estratexia, así como o concello de Valencia, que creou o Consello Alimentario Municipal, vencellado á implementación da Estratexia en paralelo ao preexistente Consell Agrari Municipal (López-García et al., 2020).

Asemade, se se consideran tamén os órganos e procesos de gobernanza vinculados a espazos e proxectos específicos, atópanse novas medidas tales coma os Parques Agrarios encontrados en El Prat de Llobregat, Fuenlabrada, Granollers e Rivas-Vaciamadrid (López-García et al., 2020).

Dende unha mirada distinta, outro tipo de medidas atopadas con certa frecuencia son a presenza de estruturas de coordinación entre distintos departamentos dentro da propia administración local, ou inclusive entre os distintos niveis das administracións.

No caso concreto de Valencia, creáronse tanto procesos de coordinación dentro do concello, coma tamén o Consell de l'Horta, que articula ás administracións locais, provincial e rexional para a comarca de l'Horta (López-García et al., 2020).

Outras medidas identificadas varían de xeito significativo en canto ao seu grao de desenvolvemento e formalización, contando con casos coma o de Barcelona e El Prat, tratándose estes de concellos que están incluídos na Área Metropolitana de Barcelona; unha estrutura formal con entidade propia, que asume unha labor de coordinación en certos aspectos das políticas alimentarias. Mentres que por outra banda, atópanse casos coma o de Madrid, Valencia e Valladolid, que son concellos que crearon comisións interdepartamentais dentro do propio concello para accións específicas (López-García et al., 2020).

Ademais, tamén cabe mencionar os exemplos de Pamplona-Iruña, coma creador de grupos de traballo que articulan distintos niveis de administración e organizacións sociais para cuestións coma a compra pública; Granollers e Fuenlabrada, coma concellos que colaboran con distintos departamentos da mesma entidade local e proxectos específicos con outras administracións; e outros variados casos que implican a coordinación intersectorial e multinivel, pese a aínda existente necesidade de ampliar a mesma (López-García et al., 2020).

Centrándose noutro aspecto, o estudo revela que Barcelona, Córdoba, Madrid, Valladolid, Valencia e Zaragoza aprobaron estratexias integrais de planificación en cuestións agroalimentarias. Sumado a isto, en Fuenlabrada e Rivas-Vaciamadrid, os Parques Agrarios dotáronse de Plans Estratéxicos que tamén definen políticas alimentarias a escala municipal.

Pola parte de Córdoba, Lleida, Valladolid e Zaragoza atópanse de igual xeito accións denominadas de “activación social” vencelladas a programas de educación ambiental, orientadas a xerar implicación cara a alimentación sostible e as políticas alimentarias (López-García et al., 2020).

En síntese, e pese a que os desenvolvementos normativos en relación coa promoción de sistemas alimentarios locais e sostibles son limitados, o que se extrae deste artigo é a posibilidade e viabilidade de encontrar unha vía de avance que permita realizar accións e políticas públicas que sirvan para o desenvolvemento agrario e alimentario

local, ben sexa a través da coordinación multinivel ou a planificación local (López-García et al., 2020).

O segundo artigo que serve coma precedente de cara á realización de políticas e accións para o desenvolvemento agrario, pois trátase dun estudo das rutas alimentarias coma estratexia de negocios inclusivos que vincula as políticas agrarias e turísticas (Barrera e Bringas, 2009).

Dito artigo baséase na idea de territorio coma unha construción social que procede, á vez, dun patrimonio ambiental e dun patrimonio cultural, existindo unha forte simbiose entre as dúas dimensións que é o que permite a existencia da idea social de territorio. Un recurso natural non existe como tal por si mesmo se non se mobilizan ao mesmo tempo tanto os coñecementos técnicos coma as institucións, os valores sociais e as representacións, que condicionan o seu aproveitamento nun ámbito social dado (Barrera e Bringas, 2009).

Doutra banda, o modelo máis difundido de incorporación do territorio á definición do produto son as Indicacións Xeográficas (IX), que constitúen un dos modelos até agora con máis éxito de apropiación do patrimonio territorial e que se relacionan estreitamente con outro mecanismo de capitalización como o é o turismo.

Ademais, isto ocorre especialmente cando se está a falar das rutas alimentarias, pois a natureza, o territorio e as súas tradicións das un significado simbólico e favorecen a inserción en nichos de mercado dos alimentos que conseguen nutrirse desa identidade. As rutas alimentarias xogan, entón, un papel fundamental que valida e ou constrúe unha imaxe determinada do produto e do territorio (Barrera e Bringas, 2009).

Neste estudo preséntanse distintas rutas alimentarias, recoñecendo as interseccións de forma que existen mais afrontando a necesidade de establecer políticas particulares de acordo aos diversos estadios de desenvolvemento que presentan, especialmente no sector agrario. Deste xeito, expóñense as rutas do viño de España e Estados Unidos (EEUU), o caso de Napa Valley, a ruta do tequila de México, a ruta da sal de México e os camiños do viño e a ruta da “yerba” en Argentina (Barrera e Bringas, 2009).

Resumindo, e pese á relevancia das rutas alimentarias coma instrumento que promove o desenvolvemento rural, agrario e alimentario a través do posicionamento

dos alimentos con identidade territorial, os resultados do estudo mostran que as IX non funcionan da maneira máis óptima para conseguir un desenvolvemento alimentario competitivo.

Por outro lado, conclúese que no caso concreto español, estas iniciativas son lideradas por organismos turísticos case sen participación dos agropecuarios, non sendo a mellor alternativa se o obxectivo é tamén o fomento do sector agrario e alimentario.

Engádese agora un exemplo de actualidade máis focalizado na temática exacta deste traballo, estando relacionado directamente coa promoción da pataca temperá levada a cabo por Cartaxena a través da súa integración na Rede de Municipios Produtores. En febreiro de 2025, a comisión informativa de Facenda e Interior do concello aprobou por unanimidade esta política onde se pretende promover a pataca temperá de La Puebla (Cadena SER, 2025).

Asemade, coa introdución do concello nesta entidade sen ánimo de lucro, atópanse diversos obxectivos coma a promoción da produción, mais tamén da súa comercialización e desenvolvemento agrícola sostible. Para elo, e amosándose así outros fins da acción posta en marcha, atópanse tamén a colaboración entre produtores, a investigación agrícola e a promoción de prácticas empresariais e ambientais responsables (Cadena SER, 2025).

Ademais, outra das finalidades sería incentivar a expansión dos mercados, animando ao establecemento de estándares de calidade e programas de capacitación para mellorar a eficiencia e rendibilidade. Así, búscase fomentar a comercialización de patacas producidas localmente polos municipios membros, destacando a súa calidade, orixe e prácticas agrícolas sostibles (Cadena SER, 2025).

Deste xeito, aumentaría a visibilidade e preferencia do consumidor por produtos locais, contribuíndo á economía rexional e promovendo un consumo máis consciente, obxectivo interesante para calquera municipio que saliente pola súa produción de patacas (Cadena SER, 2025).

### 3. METODOLOXÍA

Co obxectivo de realizar un estudo da situación do sector da pataca nun territorio local en concreto, preséntase a continuación o procedemento metodolóxico escollido que se considera máis óptimo - estando este condicionado aos datos existentes e á realidade do territorio-.

Deste xeito, cómpre sinalar que se empregaron dous tipos de metodoloxía, unha cuantitativa e outra cualitativa. Así, decídese combinar ámbalas dúas tras entender que a simbiose dos métodos sería o que permitiría ao estudo abarcar e chegar ás respostas perseguidas dunha forma máis ampla e rigorosa.

En primeiro lugar, acódeuse á realización dunha análise estatística da información dispoñible nas distintas fontes oficiais de datos secundarios cuantitativos. Así, usáronse fontes de información do MAPA, do Instituto Nacional de Estatística (INE) e do Instituto Galego de Estatística (IGE). Mediante esta fórmula, preténdese describir a realidade do sector en canto ao que produción, consumo, mercados, prezos e variables socioeconómicas se refire. Para elo, trátase de recoller a maior cantidade de información dispoñible e interpretar posteriormente a mesma, permitindo así unha análise da situación do sector na comarca e no municipio obxecto de estudo.

Non obstante, esta recollida de información a través de datos estatísticos mostra unha insuficiencia de información de cara á realización dun estudo pormenorizado da realidade da actividade do sector. Habería entón que diversificar os camiños da investigación mediante outras metodoloxías que posibilitasen chegar aos datos descoñecidos que puidesen ser relevantes para o mesmo. Alén disto, óptase pola recollida da mesma empregando unha metodoloxía cualitativa que supla as debilidades referentes á falta de datos cuantitativos; a entrevista.

Por iso, en segundo lugar falarase das entrevistas coma o outro método de investigación, centrándose este traballo en analizar os resultados de entrevistas derivadas dun estudo do sector da pataca en Xinzo de Limia por (Ferreiro-Seoane et al, en prensa) no que se participou. As entrevistas son un dos procedementos máis empregados na investigación social, contando así cun respaldo científico tras o seu uso xeneralizado e fundamentado empiricamente durante as últimas décadas. Cabe mencionar, tamén, que a tipoloxía da entrevista foi individual e telemática debido ás

circunstancias temporais e xeográficas tanto dos entrevistados coma dos investigadores.

Tendo isto en conta, preséntanse agora as características técnicas das entrevistas realizadas no proxecto de Xinzo de Limia, así como o procedemento que se seguiu coas mesmas. Desta maneira, o primeiro paso levado a cabo foi a decisión do público obxectivo ao cal realizarlle as entrevistas. Finalmente, os entrevistados escollidos conformaron unha mestura de persoas que, a propósito, desempeñaban labores tan diversas coma importantes no seo do sector da pataca en Ourense -alcalde, enxeñeiros, administrativos, empresarios, traballadores do INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico), IXP ou Unións Agrarias, entre outros-.

Por outra banda, o esquema que daba lugar á entrevista baseouse nun cuestionario de dez preguntas -anexo 1-. Este permitiu a construción dunha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), recollido no apartado 4.4, a partir da información facilitada polos entrevistados. Estas preguntas constituían un guión aberto que o entrevistador trataba de seguir malia deixar sempre espazo a unha conversa libre na que, da mesma maneira, se podía extraer información relativa ou non a ditas cuestións, o que sinala a elección dunha entrevista semiestruturada.

Debido a isto, e dentro da concepción teórica xeral que define a todas as entrevistas -unha persoa solicitando información a outra co fin de obter datos sobre unha temática determinada-, as entrevistas feitas neste estudo enmárcanse nunha tipoloxía concreta; as entrevistas de investigación.

Para destacar por que este é o tipo de entrevista máis acertado, as entrevistas de investigación son aquelas nas que o entrevistado é un mero transmisor de información dun tema ou situación da que é coñecedor, polo que pode aportar datos relevantes e discursos a ter en conta nun estudo científico.

Concretamente, e sendo máis precisos, as entrevistas analizadas presentan un tipo específico de entrevista de investigación; a entrevista focalizada. Asemade, ao ser o sector da pataca na comarca de Limia unha temática de gran especificidade, tanto a entrevista coma o cuestionario requiren de focalizarse o máximo posible seguindo un enfoque semidirixido.

En resumo, a exposición dos entrevistados a estas cuestións concretas, a investigación previa dos entrevistadores na temática de estudo, a elaboración da entrevista a partires de hipóteses e información previa e a aportación de experiencias subxectivas dos entrevistados co fin de encontrar respostas e contrastar información, é finalmente o que determina a singularidade e desempeño da metodoloxía empregada.

## **4. ANÁLISE**

### **4.1. Caracterización xeral da Comarca da Limia**

Antes de proceder ao análise da situación da comarca en canto ao cultivo da pataca e ás políticas levadas a cabo, é de relevo salientar os principais resgos que caracterizan dito territorio, coa finalidade de configurar unha descrición precisa que reflecta unha imaxe clara da realidade da comarca da Limia.

Para elo, preséntase en primeiro lugar a localización xeográfica e descrición física da comarca, pasando posteriormente a analizar a súa estrutura demográfica. Por último, expóñense as principais características socioeconómicas do municipio, momento no cal se fará unha análise da súa estrutura económica e tecido produtivo, así como do seu mercado de traballo e dos principais sectores económicos que dan emprego á poboación.

Entón, en primeiro lugar, cabe sinalar que A Limia se trata dunha comarca situada no sur da provincia de Ourense, lindando ao oeste coa comarca da Baixa Limia, ao este coa comarca de Verín, ao noreste coa comarca de Terra de Caldelas, ao sur co distrito portugués de Vila Real, ao noroeste coa comarca de Terra de Celanova e ao norte coa comarca de Allariz. Á súa vez, dentro dos seus límites atópanse doce concellos, sendo estes Os Blancos, Baltar, Xinzo de Limia, Sarreaus, Porqueira, Trasmiras, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos, Calvos de Randín, Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía (Coceder, 2025).

Así, e debido ao amplo territorio que agrupa a comarca presentada, esta ocupa unha superficie de 801,64 quilómetros cadrados, sendo unha das maiores comarcas galegas en canto ao que superficie se refire. Ademais, parte deste territorio conta con protección específica ZEPA -Zona de Especial Protección para as aves-, debido á riqueza e diversidade de aves que nel se atopan.

Por outro lado, conta coa lagoa de Antela, unha das máis importantes da península ibérica tanto pola súa extensión -35 quilómetros de perímetro e 45 quilómetros cadrados- coma pola súa riqueza e diversidade biolóxica. Deste xeito, a finais dos anos cincuenta levouse a cabo a súa desecación para o aproveitamento de terreos de cultivo, facendo desaparecer unha zona de gran valor paisaxístico e natural (Coceder, 2025).

En canto á poboación que reside na comarca, habería en 2024 un total de 19.253 habitantes, implicando intrinsecamente que existían 24 habitantes por cada quilómetro cadrado (IGE, 2024). Ademais, seguindo os datos ofrecidos polo IGE para o mesmo ano, a idade media atopábase nos 54,02 anos. Este dato supera á media galega en case seis anos, igual que o índice de envellecemento en porcentaxe é, de xeito abrupto, maior no caso da Limia ca en Galicia -326,67 comarcal fronte a un 172,78 autonómico- (IGE, 2024).

Desta maneira, as taxas de natalidade e mortalidade en porcentaxe para o ano 2023 corresponden a un 2,75 e a un 16,8 respectivamente, levando en consecuencia ao saldo vexetativo a ser negativo (IGE, 2023). Así, séguese a lóxica do descrito anteriormente, observando tamén o que acontece sistematicamente na maioría de concellos e territorios -tanto españois coma galegos- no relativo ao avellentamento da poboación, á baixa natalidade e ao despoboamento da meirande parte do territorio dende xa fai décadas (Hernández, 2011).

Polo tanto, isto infire directamente na pirámide de poboación, distribuída por idade, que mostra o IGE para o ano 2024. Esta denota o afirmado, acumulando á maioría da poboación nas idades medias e avellentadas, mentres que nas máis mozas vese substancialmente estreitada. Por outra banda, son as mulleres as que representan unha leve porcentaxe superior con respecto ao total da poboación -un 51%-, sendo estas as que ademais conseguen, en xeral, chegar a unha maior idade (IGE, 2024).


Así, aproximadamente a partires do intervalo de idade 50-54, a poboación feminina representa unha porcentaxe máis elevada ca no caso dos homes. Sen embargo, e en contraposición a esta casuística, nas idades máis temperás é a porcentaxe de poboación masculina a que destaca sobre a porcentaxe de mulleres no mesmo rango de idade (IGE, 2024).

No relativo ao mercado laboral que se desenvolve na comarca da Limia e que se rexistra no IGE, cómpre facer referencia tanto ao tipo de tecido empresarial coma ao paro ou número de asalariados.

Por un lado, en 2023 o tecido empresarial compoñíase de 1.908 empresas, das cales segundo a súa condición xurídica estaban levadas a cabo por persoas físicas arredor dun setenta por cento. Logo, o seguinte porcentaxe -moito menor, que nin sequera representa un vinte por cento- sería o relativo ás Sociedades Anónimas (SA) e

Sociedades Limitadas (SL). E, por último, o pequeno número de empresas restantes atoparíanse baixo a condición xurídica de Cooperativas ou outras condicións (IGE, 2023). Co obxecto de ilustrar tales estatísticas, móstrase agora a Figura 1.

**Figura 1.** Porcentaxe de empresas segundo a condición xurídica na Limia para 2023



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, 2023


Ademais, outro punto a sinalar que determina as características empresariais do territorio estudado é o número de asalariados cos que conta cada unha das empresas que desenvolven a súa actividade na comarca da Limia. Por esta banda, e en coherencia co exposto no parágrafo anterior, a porcentaxe de empresas que non presenta ningún asalariado é a maior cunha notable diferenza, achegándose ao setenta por cento dos casos.

Logo, arredor dun vinte por cento das empresas amosan un número de asalariados comprendido entre un ou dous, mentres que a porcentaxe de empresas de entre tres ou cinco asalariados se reduce xa substancialmente non superando o dez por cento. Polo tanto, apréciase que o ínfimo número de empresas restantes, en comparación, son as que revelan un maior número de persoas asalariadas (IGE, 2023).

É dicir, a característica inmediata que se intúe do tecido empresarial da comarca da Limia é a preponderancia das Pequenas e Medianas Empresas (PEMES) fronte ás grandes corporacións, destacando tamén aquelas encabezadas por persoas físicas sobre as SA, SL, Cooperativas e outras condicións xurídicas.

Por outra banda, o IGE reflicte o paro rexistrado no ano 2024 -940 parados e paradas- distribuído segundo o sector ao que pertencerían. Así, o sector servizos ocuparía o 63,8% dos casos de persoas en paro, seguido -non de preto- polo sector referido á agricultura e á pesca con un 10,6%. Unha porcentaxe similar representa ás persoas en paro sen emprego anterior, amosando un 10,3% sobre o total dos 940 parados e paradas, mentres que as porcentaxes máis pequenas -8,4% e 6,9%- son as relativas ao sector da industria e da construción, respectivamente (IGE, 2024). Esta situación represéntase na Figura 2 exposta a continuación.

**Figura 2.** Paro rexistrado por sectores na Limia en 2024



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, 2024

Isto implicaría unha clara preponderancia do sector servizos, factor lóxico e común á unha ampla maioría de territorios hoxe en día. Ademais, outro punto a destacar é a aínda importancia notable do sector agrícola en Galicia -e sobre todo nalgúns concellos en particular-.

## **4.2. Diagnose da situación actual do sector da pataca**

A continuación, e co fin de poñer en contexto a realidade do sector da pataca na comarca da Limia, así como do resto de realidades que atravesan e inflúen no territorio estudado, expóñense unha serie de táboas e gráficas con información oficial relacionada coa produción de pataca.

Desta maneira, comezarase cunha principal aproximación a nivel mundial, pasando pola europea e chegando á escala española. Así, formarase unha base de información que permita visualizar unha imaxe da situación global e estatal que afectan directa e indirectamente, ou que polo menos axudan a entender a situación galega.

Cómpre sinalar que se pensa que é preciso dar este previo contexto, pois non cabe falar dunha realidade local sen entender o resto de realidades nas que vive e se desenvolve dita realidade local. Ademais, tratarase de interpretar a situación actual dende un punto de vista evolutivo, intentando analizar información dende unha serie de anos atrás ata a actualidade.

Despois, e logo de ter exposto o contexto que infire no entendemento da situación do sector da pataca dende o nivel mundial, comezará a explicación da realidade galega e, en concreto, da comarca da Limia.

Para dar comezo a esta análise, a táboa 1 amosa a produción de patacas por áreas mundiais e países en millóns de toneladas para o ano 2023. Deste xeito, ademais de permitir observar os principais países e zonas produtoras de patacas do mundo, permite á súa vez unha análise máis concreta tanto de Europa coma da UE e os países que compoñen estas áreas.

Alén disto, e tendo en conta que España pertence á UE, conformarase así a base de información sobre a que partir para comezar coa análise máis concreta do país, de Galicia e da comarca en particular.

**Táboa 1.** Produción de pataca por áreas mundiais e países en millóns de toneladas e porcentaxe sobre o total da produción (2023)

<b>Países e áreas mundiais</b>	<b>Millóns de toneladas</b>	<b>%</b>
Alemaña	12,81	3,3%
Polonia	5,90	1,5%
Francia	8,16	2,1%
Países Baixos	6,52	1,7%
Bélxica	4,23	1,1%
Romanía	0,96	0,3%
España	1,93	0,5%
Dinamarca	2,59	0,7%
Italia	1,42	0,4%
Resto UE 27	5,20	1,4%
<b>Unión Europea</b>	<b>49,70</b>	<b>13,0%</b>
Ucráína	22,99	6,0%
Rusia	19,16	5,0%
Reino Unido	3,83	1,0%
Turquía	3,93	1,0%
<b>Resto Europa</b>	<b>49,90</b>	<b>13,0%</b>
Estados Unidos	19,16	5,0%
Perú	3,83	1,0%
Canadá	7,66	2,0%
<b>Total América</b>	<b>30,65</b>	<b>8,0%</b>
China	91,94	24,0%
India	61,30	16,0%
Bangladesh	11,49	3,0%
Pakistán	7,66	2,0%
<b>Total Asia</b>	<b>172,40</b>	<b>45,0%</b>
Egipto	7,66	2,0%
<b>Resto Mundo</b>	<b>80,45</b>	<b>21,0%</b>
<b>Total</b>	<b>383,10</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2024


Logo de observar a información que se extrae da táboa 1, conclúese que as principais áreas produtoras do mundo son Asia -contando cun 45% da produción total-, seguida por Europa -representando un 26% do total producido- e o resto do mundo en terceiro lugar posto que achega un 21% da produción total de patacas. Así, queda relegada á última posición a produción pertencente de América, pois representa tan só un 8% sobre o total de toneladas.

Por outra banda, cabe distinguir a produción de Europa derivada da UE da que pertence a países fóra desta unión. Curiosamente, ámbalas dúas áreas aportan a mesma cantidade de toneladas ao total da produción Europea, pese a contar a Unión Europea cun número máis elevado de países, entre os cales se encontra España.

En canto aos países que salientan pola súa produción de patacas, atópanse de maior a menor grao de aportación sobre o total: China -24%-, India -16%-, Ucraína -6%-, Rusia e EEUU cun 5%, Alemaña cun 3,3% e Bangladesh cun 3%. Obsérvase, entón, como as grandes producións proveñen de Asia, afastándose as cantidades nunha proporción enorme con respecto ao resto de países.

Para materializar estas diferenzas dun xeito máis visual, preséntase agora a Figura 3, mediante a cal se pretende deixar en claro as reparticións da produción de pataca a nivel mundial.

**Figura 3.** Produción de pataca por áreas mundiais en porcentaxe.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

Agora, xa dentro da UE, cómpre resaltar o papel de Alemaña -3,3%-, Francia -2,1%-, Países Baixos -1,7%- e Polonia -1,5%-. Pola súa banda, España non supera a aportación do 0,5% sobre o total da produción.

Co fin de ver por separado a situación da UE, represéntase a continuación a porcentaxe de superficie cultivada sobre a mundial, a de produción en toneladas e a do valor en millóns de euros por países, atendendo aos datos recollidos no informe da campaña da pataca de 2024 do MAPA.

**Figura 4.** Porcentaxe de superficie, produción e valor por países (2024)



Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

Deste xeito, a figura número 4 mostra de novo unha distinción entre dous grupos de países da UE; aqueles cun rendemento produtivo por extensión que se atopa por enriba da media -Alemaña, Países Baixos, Francia, Bélxica e Dinamarca- e aqueles cuxo rendemento é inferior a dita media -Polonia, Romanía, Italia e España-.

Neste senso, apréciase como España se encontra tanto dentro do grupo de países con menor produción coma dentro do conxunto de países que contan cun rendemento produtivo por extensión inferior.

Ademais, engadindo a variable “valor da produción no mercado en millóns de euros”, pode observarse a correlación existente. Así, volven a ser Alemaña, Francia e Países Baixos os países que cunha diferenza abrupta achegan unha maior aportación ao valor monetario da produción da pataca en Europa –arredor dun 60%-, mentres que o resto de países da UE achegan menos da metade do valor en conxunto. En concreto, España aporta un 5,6% dese valor monetario da produción no contexto da Unión á que pertence.

Algunhas conclusións que revelan os datos expostos son, por unha banda, que o sector pataqueiro europeo ten peso e contribúe de xeito significativo ao sector primario dos países en termos de produción, por outra, a correlación alta entre os países cun Produto Interior Bruto (PIB) elevado e aqueles onde o rendemento sobre superficie e o rendemento per cápita é maior, e en xeral, a división ou distinción notábel entre os dous grupos de países.

Agora, tras expoñer a situación europea, procédese a estudar a situación do país en concreto que concirne ao presente traballo; España. Para elo, comezarase coa análise dos datos visualizados na táboa 2, a cal representa a produción obtida, a superficie empregada, o valor de dita produción e os prezos correspondentes, nunha perspectiva evolutiva que comprende o período 2018-2024.

**Táboa 2.** Evolución da produción, valor, superficie e prezos en España para o período 2018-2024.

<b>Ano</b>	<b>Produción en toneladas</b>	<b>Valor (Millóns de €)</b>	<b>Superficie (ha)</b>	<b>€/100 kg)</b>
<b>2018</b>	2.010.933	674 M de €	67.488	33,52 €
<b>2019</b>	2.259.320	755 M de €	66.650	33,42 €
<b>2020</b>	2.051.833	523 M de €	65.404	25,49 €
<b>2021</b>	2.081.106	596 M de €	63.283	28,64 €
<b>2022</b>	1.881.920	745 M de €	60.055	39,59 €
<b>2023</b>	1.926.848	868 M de €	59.360	45,16 €
<b>2024</b>	1.910.622	1.011 M de €	61.116	52,91 €

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025


Logo de observar a táboa 2 enténdese que a produción de pataca se vai reducindo de maneira constante cada ano e de forma sostida no tempo -exceptuando o lixeiro incremento a partir do 2022, momento de recuperación da crise da COVID-19-. Este feito pode ser en parte froito á tamén visible perda de superficie cultivada, pois a táboa presenta de igual xeito unha redución das hectáreas sementadas no período estudado.

Por outro lado, en canto ao valor en millóns de euros, este segue unha tendencia contraria á produción e á superficie -exceptuando os anos máis afectados pola crise da COVID-19, que serían o 2020 e o 2021-. Este aspecto, en parte, pode deberse ao aumento que da mesma maneira experimentan os prezos, pois o sentido de ámbalas dúas tendencias concorda -de xeito lóxico- durante todos os anos do período analizado.

Asemade, estas tendencias poden verse influenciadas por outra serie de factores coma por exemplo as condicións climáticas, a presenza de pragas e enfermidades, as tendencias inflacionarias ou deflacionarias relativas ao contexto económico do país ou os custos de produción, entre outras posibles variables condicionantes.

Co obxecto de visualizar mellor esta evolución a continuación móstrase a figura 5, mediante a cal se mostra a información da táboa 2 cunha representación gráfica da evolución das catro variables adoptando como base de cálculo o ano 2018.

**Figura 5.** Evolución toneladas, hectáreas, valor (Mill €) e prezos (€/100kg) en base 2018 = 100



Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

Nesta figura número 5 obsérvase inclusive de xeito máis claro como os prezos aumentan por enriba das outras variables, factor que impulsa con creces o valor económico da produción cara unhas cifras cada vez máis altas. Dende o outro lado, reafirmase graficamente a redución, por un lado, da superficie sementada en hectáreas e, por outro, da produción de patacas expresada en toneladas co paso do tempo.

De novo, cómpre facer fincapé no ano da pandemia da COVID-10, pois no 2020 debido ás circunstancias excepcionais vese como caen os prezos e, sobre todo, o valor económico de xeito abrupto. Sen embargo, a partires da recuperación da mesma, no ano 2022 é cando comezan a experimentarse as brechas máis grandes entre o valor económico e prezos e a superficie e produción plantadas -froito do aumento exponencial do prezo e do valor económico-.

Logo de ver a situación xeral do contexto español, pénsase que é conveniente expoñer a distinción correspondente en relación ás diversas CCAA que conforman o país. Deste xeito, servirá coma antecedente que permita situar o contexto da CA de Galicia, a cal será posteriormente analizada.

Preséntase entón na táboa 3 a produción de pataca -medida en toneladas- das diferentes CCAA para o período 2021-2023 segundo os datos do informe de resultados da campaña da pataca de 2023, presentado polo MAPA.

**Táboa 3.** Produción de pataca en España por Comunidade Autónoma.

<b>Produción de pataca en toneladas</b>			
<b>Comunidades Autónomas</b>	<b>2.021</b>	<b>2.022</b>	<b>2.023</b>
<b>Galicia</b>	<b>381.734</b>	<b>285.214</b>	<b>321.739</b>
Asturias	7.770	7.740	5.800
Cantabria	3.484	4.410	5.145
País Vasco	57.540	45.411	53.596
Navarra	12.101	8.726	8.927
A Rioxa	38.000	29.539	30.500
Aragón	12.714	12.719	14.349
Cataluña	22.041	19.423	14.491
Illas Baleares	47.700	40.221	39.580
<b>Castela e León</b>	<b>809.372</b>	<b>710.885</b>	<b>809.285</b>
Madrid	29.000	8.062	10.956
Castela a Mancha	54.440	45.104	45.177
Comunidade Valenciana	77.949	73.388	79.981
<b>Rexión de Murcia</b>	<b>164.219</b>	<b>158.640</b>	<b>162.422</b>
Estremadura	30.075	23.108	26.000
<b>Andalucía</b>	<b>315.059</b>	<b>298.120</b>	<b>254.731</b>
Illas Canarias	78.151	111.210	95.447
<b>Total España</b>	<b>2.141,349</b>	<b>1.881,920</b>	<b>1.978,126</b>

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2024

Tal e como se pode observar na táboa anterior, son catro as CCAA que resaltan sobre o resto en canto ao que produción de patacas en toneladas se refire: Castela e León, Galicia, Andalucía e a Rexión de Murcia, por esta orde de maior a menor.

Sen dúbida, Castela e León é a que conta cunha maior produción, sendo esta moi superior ao resto -809.285 toneladas para o ano 2023-, mais tamén cabe salientar que Galicia se atopa no segundo chanzo con 321.739 toneladas en 2023. Por outra banda, e seguindo a tónica que experimenta o caso español, a produción tende a reducirse co paso dos anos de maneira xeneralizada.

Ademais, o informe de campaña da pataca do 2024 presentado tamén polo MAPA aporta información sobre a superficie e a produción correspondente ás CCAA nos últimos catro anos. Así, verase esa relación na táboa seguinte co fin de extraer novas conclusións fóra da variable “produción”.

**Táboa 4.** Superficie e produción da pataca por CCAA en España para o ano 2024

Comunidades Autónomas	Superficie (hectáreas)		Produción (en toneladas)		Prod/Sup
	2024	%/2024	2024	% S/2024	2024%
Galicia	17.518	28,7%	287.129	15,0%	0,5243
Castela e León	17.473	28,6%	769.435	40,3%	1,4086
Andalucía	8.112	13,3%	261.366	13,7%	1,0306
Murcia	4.904	8,0%	185.660	9,7%	1,2110
Canarias	3.334	5,5%	84.810	4,4%	0,8138
Comunidade Valenciana	2.680	4,4%	96.467	5,0%	1,1515
País Vasco	1.475	2,4%	52.609	2,8%	1,1407
Illas Baleares	948	1,6%	24.140	1,3%	0,8148
Castela A Mancha	1.382	2,3%	44.675	2,3%	1,0341
Resto CCAA	3.290	5,4%	104.331	5,5%	1,0142
<b>Total</b>	<b>61.116</b>	<b>100%</b>	<b>1.910.622</b>	<b>100,0%</b>	<b>1</b>

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025


Ao incluír a variable superficie, obsérvase como destacan dúas CCAA por enriba do resto, coincidindo estas coas que tamén ocupan os dous primeiros postos en canto a produción. Non obstante, Galicia e Castela e León intercambian os postos neste caso, pois é Galicia a que ocupa a primeira posición no relativo a superficie cultivada medida en hectáreas.

A través destas dúas variables conséguese o rendemento por superficie, o que resalta as evidentes diferenzas entre CCAA, deixando á vez á luz que medir só a produción pode levar a conclusións erróneas ou incompletas.

Asemade, a táboa 4 recolle este rendemento e amosa como pese a que Galicia sexa a CA con maior superficie cultivada é a que menor rendemento mostra. En contraposición, Castela e León, Murcia e a Comunidade Valenciana sitúanse nunha moi boa posición relativa en canto ao rendemento da superficie cultivada.

Para decatarse destas diferenzas e ao mesmo tempo concluír a análise referente ás CCAA, móstrase a continuación a figura 6, que se trata da comparativa entre a superficie e a produción de pataca en porcentaxe e por CCAA para o 2024.

**Figura 6.** Comparativa entre a superficie e a produción en % por CCAA para o 2024.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

Con todo, a conclusión primordial a extraer debe ser o aumento exponencial dos prezos e a redución, aínda que máis paulatina, tanto da produción coma da superficie cultivada no territorio español. Ademais, débese ter en conta a boa posición relativa de Galicia dentro do contexto español, sendo esta CA a segunda con maior produción en toneladas de patacas.

Por outra banda, esa situación vese revertida ao falar da superficie e o rendemento da mesma, xa que Galicia é a comunidade con maior superficie cultivada e á súa vez aquela que ten un menor rendemento.

Seguindo a tónica desenvolvida ata aquí, e co fin de achegarse ao análise da comarca obxecto deste estudo, detállase a continuación o estudo dos datos relativos á CA pertinente; Galicia.

Logo, concretarase o análise distinguindo entre as provincias que conforman a CA para ver as diferenzas entre elas e, en consecuencia, observar a situación da provincia de Ourense, na cal se encontra a comarca da Limia.

Así, expóñense na táboa 5 os datos extraídos do IGE en canto á produción de pataca en Galicia distinguida por provincias correspondente ao período 2018-2022.

**Táboa 5.** Produción de pataca en Galicia por provincia no período 2018-2022

Produción agrícola de pataca en toneladas					
Anos	Total Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>2018</b>	317.334	71.643	52.069	145.084	48.538
<b>2019</b>	371.983	66.779	47.050	204.393	53.761
<b>2020</b>	283.667	66.145	50.340	118.037	49.145
<b>2021</b>	291.994	68.949	43.868	127.106	52.071
<b>2022</b>	285.214	72.627	46.814	116.680	49.093

Fonte: IGE, 2022

A xeito de complementar esta información, móstranse as táboas 6 e 7, que conteñen a superficie en hectáreas e a produción de pataca en toneladas de Galicia -e tamén distinguindo entre as provincias- para o bienio 2023-2024, respectivamente. Estes datos están extraídos do informe de campaña da pataca de 2024 elaborado polo MAPA.

**Táboa 6.** Superficie cultivada de pataca en Galicia por provincia no bienio 2023-2024.

Superficie cultivada de pataca en hectáreas en Galicia					
Anos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
<b>2023</b>	4.535	3.096	5.077	2.456	15.164
<b>2024</b>	4.236	3.786	6.250	2.500	16.772

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

**Táboa 7.** Producción de pataca en Galicia por provincias no bienio 2023-2024.

<b>Producción de pataca en toneladas en Galicia</b>					
<b>Anos</b>	<b>A Coruña</b>	<b>Lugo</b>	<b>Ourense</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>Total Galicia</b>
<b>2023</b>	74.310	47.905	111.741	51.151	285.107
<b>2024</b>	41.071	37.072	73.844	45.132	197.119

Fonte: elaboración propia a partir de datos do MAPA, 2025

Desta maneira, os resultados que se poden extraer en base aos datos presentados son os seguintes. En primeiro lugar, de xeito xeral dáse unha diminución da produción en toneladas de pataca sistematicamente en todas as provincias, malia que algún ano exista un crecemento froito dunha recuperación dunha época de crise -situación análoga ao que acontecía no resto de análises territoriais anteriores-.

En canto á superficie, esta non experimenta unha caída coma no caso da produción, é máis, inclusive en tres das provincias aumenta do ano 2023 ao 2024. Sen embargo, a súa pequena dimensión de crecemento e a insuficiencia de máis datos para observar a súa evolución fan que non sexa un dato relevante co que sacar unha conclusión clara.

Por outra banda, e indo ao que máis concirne no presente traballo, é Ourense a provincia que salienta dun xeito moi significativo -tanto no caso da superficie coma no da produción- cunhas diferenzas abruptas en relación ao resto de provincias da CA.

Agora, e tendo xa exposta unha aproximación da situación da provincia que compete a este estudo, profundarase a continuación na realidade da comarca da Limia -e concretamente do concello de Xinzo de Limia por ser o representativo do sector da pataca- mediante as respostas ás entrevistas feitas a expertos do sector, así como a traballadores relacionados co sector na propia comarca.

### **4.3. Diagnose das entrevistas a expertos do sector da pataca na Limia**

No presente apartado preténdese expoñer a realidade do sector da pataca na Limia e no caso concreto de Xinzo de Limia a través das voces dos distintos entrevistados. Así, óptase por esta fórmula debido á falta de información nas diversas fontes oficiais de datos secundarios, pensando á vez que se trata dun método óptimo tendo en conta que o obxectivo é coñecer a situación da zona. Ao mesmo tempo, isto permitirá analizar tanto as políticas levadas a cabo como aquelas que poderían comezar a desempeñarse.

Primeiro, preguntáronselles aos entrevistados múltiples cuestións sobre variables que influen na situación do sector da pataca co fin de entender a realidade que envolve ao mesmo. Finalmente falouse do papel das administracións, preguntando as políticas que se están a levar a cabo en materia do desenvolvemento do sector, así como tamén as que os entrevistados botan en falta ou pensan que serían necesarias poñer en marcha. Estas entrevistas máis longas son as que se lles realizan ás catro primeiras persoas que aparecen recollidas na táboa 8.

Asemade, algunhas das entrevistas enfocáronse cara a realización dunha análise DAFO que permitise observar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do sector. Concretamente, as catro últimas entrevistas, seguindo a orde da táboa 8.

A xeito de dar contexto e entender mellor as distintas aportacións, preséntanse agora tanto a listaxe de entrevistados -cos seus respectivos postos-, coma o esquema de preguntas que se seguiu na realización das entrevistas -sen esquecer a modalidade aberta que se empregou-.

**Táboa 8.** Listaxe de entrevistados.

<b>Nº</b>	<b>Día</b>	<b>Organización</b>	<b>Duración</b>
1	25/06/2025	INORDE	01:30:00
2	27/06/2025	Unións Agrarias	01:20:00
3	30/06/2025	Taller Agrícola Suárez. S.L.	01:15:00
4	04/07/2025	Concello de Xinzo de Limia	00:50:00
5	14/07/2025	IXP	00:45:00
6	15/07/2025	Transportes C Quintás S.L.	00:20:00
7	15/07/2025	Comercial Fitoagraria, S.L.	00:23:00
8	15/07/2025	Patacas Fritas Guays S.L.	00:22:00

Fonte: elaboración propia a partir de (Ferreiro-Seoane et al., en prensa)

**Táboa 9.** Esquema das temáticas desenvolvidas durante as entrevistas.

Orde	Temática
1	Produción
2	Custes de produción
3	Relevo xeracional
4	Calidade do produto
5	Prezos
6	Mercado da pataca
7	Papel das administracións
8	Medidas das administracións locais
9	Intelixencia artificial
10	Outras consideracións

Fonte: elaboración propia a partir das entrevista en Ferreiro-Seoane et al., (en prensa)

- *Da primeira pregunta relativa á **produción de pataca** recóllese a información seguinte baixo a mirada dos entrevistados:*

Por un lado, a traballadora de Unións Agrarias comenta que Xinzo de Limia se atopa nun bo momento de produción de pataca, habendo numerosas explotacións e amosando unha produción que vai en aumento.

Por outra banda, o entrevistado que forma parte do INORDE explica que a información estatística do sector pataqueiro estatal está desaxustada. Galicia trátase da segunda produtora de pataca segundo as estatísticas, mais eses números veñen de cando en todas as hortas galegas existía unha produción de pataca familiar por pequena que fose. Sen embargo, a día de hoxe e tendo en conta o avellentamento produtivo, a polilla guatemalteca e o éxodo rural, o entrevistado estima que as 17 mil hectáreas de explotacións que aparecen nas estatísticas se converteron en arredor de 7 mil hectáreas. Os datos implicarían directamente que a semente de pataca sería moi baixa con respecto á grande superficie representada por esas 17 mil hectáreas.

Ademais, o traballador do INORDE comenta a existencia dunha forte escaseza de pataca a nivel estatal, algo que o entrevistado enfoca coma unha oportunidade de cara ao mercado futuro deste tubérculo. Agora mesmo, Exipto e Israel son dous países que emerxen e se inclúen no mercado nacional da pataca, tendo grandes superficies e ríos que lles permiten ese desenvolvemento. Mais fóra desta disquisición, as principais zonas de produción galega son A Limia, Carballo e Coristanco -en moita menor medida-, deixando retardado ao concello de Vilalba debido á perda de presenza pola afectación da polilla guatemalteca.

Centrándose na Limia, o entrevistado explica que hai 3500 hectáreas dedicadas a este cultivo e que neste momento se atopan baixo unha produción de aproximadamente 40.000 kg por hectárea. Ademais, o 95% da pataca absorbida pola IXP pertence á Limia.

O responsable de Agrícola Suárez, entrevistado que se dedica á venda, reparación e aluguer de maquinaria agrícola, achega a súa visión en canto á produción deste tubérculo na Limia e no sector pataqueiro en xeral. Este traballador compara a situación galega, e da Limia en concreto, con outros tipos de explotacións existentes na península ibérica. Explica que Castela e León é das CCAA máis avanzadas en mecanización, mais que Galicia tamén está bastante mecanizada, sendo pioneira na introdución de maquinaria e contando a día de hoxe con agricultores e terras de gran calidade.

En Galicia a referencia no sector da pataca é A Limia, comenta o entrevistado, especificando que Coristanco e diversos puntos costeiros de Lugo son lugares máis simbolóxicos no relativo a este sector. Por outra parte, e coincidindo co traballador do INORDE, o entrevistado comenta que as hectáreas de produción que aparecen nas estatísticas son falsas, deixando á Limia moi por debaixo das hectáreas que se lle atribúen. Isto ocorre debido ao abandono de explotacións, as cales en numerosas ocasións non contan cun relevo. Ademais, moitas das explotacións introducidas nas estatísticas no seu momento eran de cultivo tradicional e familiar, que vendían o excedente. Non obstante, a día de hoxe esas hectáreas familiares non están destinadas á produción e venda de pataca.

Así, o traballador de Agrícola Suárez expón que un problema que limita agora mesmo o crecemento das explotacións e da produción é a falta de man de obra cualificada, chegando a un punto onde as capacidades dos agricultores están limitadas e non se pode alcanzar un nivel de produción maior. A proposta do entrevistado sería baixar as hectáreas de produción, aumentando a produción por hectárea e a rendibilidade debido á diminución de custes.

O alcalde deste concello remarca que a produción de pataca en Xinzo de Limia é estable, en parte debido ás poucas alternativas por parte dos agricultores, que ou ben se dedican ao cultivo de pataca ou ao cultivo de cereais e outros cultivos de rotación. Ademais, cultívanse cada ano aproximadamente o mesmo número de hectáreas, feito que aporta de novo estabilidade á produción.

A rotación comentada fai que aumente a produción e permite á vez esa estabilidade da que se fala, pois provoca unha redución de enfermidades e unha maior sanidade da pataca. En termos numéricos, o alcalde aproxima 120 millóns de quilogramos de produción ao ano, dos cales so seis se envasan para calidade a través da IXP.

➤ *Por outro lado, en canto á segunda pregunta -a cal se refire aos **custes de produción**- obtéñense as seguintes ideas:*

Un inconveniente co que contan as explotacións da zona estudada sería a falta de profesionalización. Deste xeito, a pouca formación que existe debido ao relevo de pais a fillos é unha problemática que inflúe na produción de pataca e que está acontecendo xeralmente a día de hoxe. O traballador de Agrícola Suárez explica que o asesoramento técnico que se dá é mínimo e que os agricultores non se deixan aconsellar, mostrando rexeitamento ante as posibilidades de formar asociacións de agricultores ou cooperativas, algo que baixo o punto de vista do entrevistado sería beneficioso de cara a compartir a maquinaria e polo tanto, os seus elevados custes. Pola contra, o que acontece é que os prezos da maquinaria disparan os custes da produtividade e a curto prazo reducirase esta de xeito significativo.

Outro punto que limita a produción son os custes referidos á climatoloxía, causa pola que so se pode traballar nunha determinada época do ano. Este entrevistado resalta que o almacenaxe tamén ten un prezo elevado, unha cantidade que entre cinco persoas se reduciría e sería factible, mais pola contra para unha soa persoa é difícil de asumir.

A traballadora de Unións Agrarias, por outra banda, expresa os custes de produción dende o punto de vista da guerra de Ucraína. Explica que existiu unha subida de prezos do gasóleo coa guerra de Ucraína, e iso influíu nos custes de produción porque se emprega moito gasóleo, ademais de subir nos últimos anos o prezo dos fito sanitarios, da semente e de outros inputs precisos para a produción da pataca. A semente leva dous anos incrementando o prezo debido á súa escaseza, pois hai poucas explotacións que se dediquen á produción de semente – case toda vén de Burgos e Holanda-.

O entrevistado pertencente ao INORDE responde á pregunta de xeito similar, apreciando que os custes medios poderían estar en torno aos 12-13 céntimos por kg antes da guerra de Ucraína. Despois da guerra encarecéronse moito os fertilizantes, o combustible...etc, elevando o custe medio ata os 18-20 céntimos por kg. Ademais, o prezo da semente tamén aumentou levando a que moitos produtores destinaran a produción ao consumo e non ao mercado. Todo isto fixo que os prezos de venda da pataca de semente se chegaran a case duplicar.

De igual xeito, o alcalde de Xinzo de Limia comenta que é certo que nos últimos anos tamén se deron uns custes moi elevados en insumos e materias primas, o que fixo que mudaran os contratos que a día de hoxe se están a celebrar. Ao mesmo tempo, nestes últimos anos aparecen problemáticas crecentes no referido á climatoloxía, que afectan directamente á produción.

O alcalde determina finalmente que o custe de produción dun quilogramo de pataca está en torno aos 15-17 céntimos, cando fai tres anos se encontraba en torno aos doce céntimos.

- *Continuando coa terceira pregunta, a cal fala do **relevo xeracional** e da xente moza do sector, atópanse as seguintes respostas:*

O traballador do INORDE expresa que a estima social dos agricultores é baixa, mais si que é certo que na Limia existe un relevo xeracional que impide que se acabe definitivamente o sector da pataca. Sen embargo, manter os 140 agricultores actuais vai ser complexo debido tanto á falta de man de obra coma á mecanización que se está a dar. Esa man de obra está ligada a persoas que recollan a pataca á man, que se sigue facendo nalgúns casos sobre todo para recoller a pataca de IXP, e esta man de obra escasea na zona.

De cara á introdución da xente moza, a traballadora relativa a Unións Agrarias comenta que existen múltiples intereses, dende persoas que queren continuar co legado das súas xeracións pasadas no traballo agrario ata xente que non ten interese no mundo agrario. Sen embargo, o que si destaca é que non aparecen inversións novas nin xente nova que queira introducirse e comezar dende o principio unha explotación, polo que o que se dá na Limia é máis un relevo xeracional ca unha aposta da xente moza polo sector da pataca.

O alcalde do concello estudado pensa que si que se está dando un relevo xeracional, concordando coa opinión doutros entrevistados en que os novos agricultores son fillos dos xa existentes no pasado e non xente nova interesada no sector. Isto débese en parte ao complexo que sería tanto estrutural coma economicamente comezar de cero no sector da pataca en Xinzo de Limia.

➤ *Os entrevistados responden o que a continuación se expón cando se lles pregunta sobre a **calidade do produto**:*

Dende Unións Agrarias, a entrevistada afirma que a calidade da pataca de Xinzo é excepcional, a que máis se sementa é a agria e a kennebec, ambas incluídas na IXP. A agria é a máis característica en cantidades producidas agora mesmo, e a kennebec a que máis se leva producido historicamente dende os inicios. Así, a agria emprégase máis para as patacas fritas e a kennebec para vender aos consumidores finais.

Dende o INORDE, o entrevistado concorda en que a pataca de Galicia ten moi boa calidade pero resalta que ten un problema, o seu aspecto é menos atractivo que as patacas francesas, israelís ou exipcias. Deste xeito, o consumo de pataca en Galicia actualmente está decaendo, e os consumidores non aprecian a calidade, se non que prefiren as patacas máis baratas e as máis bonitas.

A calidade da pataca está respaldada pola IXP, destaca o representante de Agrícola Suárez, o que permite que se busque calidade no produto, e á vez o que permite vender moito e a bo prezo por parte dos agricultores que se amparan na IXP. Sen embargo, kennebec e fina de carballo -as variedades da IXP- teñen que ser recollidas a man polas persoas que trae a IXP (30-40 persoas). Isto, sumado a que a IXP é moi esixente fai que a moitos agricultores non lles interese producir mediante esta vía. Así, a variedade que máis se produce na Limia é a pataca agria, unha pataca de

industria con un bo mercado e resistencia a enfermidades, que se adapta moi ben á zona.

Pola súa banda, o alcalde menciona que a calidade da pataca se nota en que o sabor que ten é distinto a calquera outra pataca do resto de España, facéndoa peculiar e diferenciada. O produto galego ten un gran e merecido recoñecemento, véndose no exterior coma un gran produto a pataca galega en cuestión.

➤ *Dende o punto de vista dos **prezos**, a percepción dos entrevistados é a seguinte:*

Pola súa banda, o traballador do INORDE percibe a evolución de prezos da pataca en Galicia diferenciando as diversas zonas representativas do sector. Así, comenta que Coristanco é un pouco máis caro pero comparativamente tamén emprega menos inputs. Ademais, o sistema de rego que se emprega na Limia non se emprega en Coristanco, que é o que lle outorga a capacidade de duplicar a produción con respecto a Coristanco. Na Limia, ao ter máis produción tamén se elevan os custes, sen embargo o nivel de mecanización é moi superior. Este entrevistado expresa tamén que se trata dun sector moi influenciado, os rumores da escaseza da pataca de semente poden facer que inflúa na produción e por tanto nos prezos.

Ao falar de pataca que non pertence á IXP a variación de prezos é moito maior, pese a levar uns anos que case alcanza ás patacas que pertencen á IXP. A diferenza entre pertencer á IXP e non facelo, é a serie de controis e comités de cata, e sobre todo o procedemento administrativo que teñen que seguir para pertencer a tal denominación.

Dende Unións Agrarias, a entrevistada responde que o prezo da pataca depende da produción, polo que se hai moita produción o prezo é baixo e viceversa. É máis, non se vai saber o prezo da mesma ata a recollida, pois dependendo fundamentalmente da produción é complexo anticiparse a saber o prezo e tamén a saber a produción que se vai acadar.

Dende Agrícola Suárez o entrevistado achega o dato de que a día de hoxe e despois de cinco anos dunha evolución de prezos positiva, os prezos da pataca acadan inclusive os cincuenta céntimos por quilogramo. Malia isto, e de forma xeral ata agora, un contrato normal estaría en torno aos trinta e dous céntimos.

Por último, o alcalde de Xinzo de Limia resalta a estabilidade do mercado de pataca nos últimos dous anos debido á estabilidade en prezos. Malia isto, o alcalde expón que a media de venda destes últimos dous anos é aproximadamente de 38 céntimos por quilogramo, dándose unha subida con respecto a anos anteriores en parte debido ao aumento de prezo que os almacenistas impoñen nos seus contratos.

- *Outro punto importante, como o é o do **mercado da pataca**, é percibido polos entrevistados da seguinte maneira:*

Dende a mirada do representante de Agrícola Suárez, este asegura que a metade da produción vai destinada ao mercado con Portugal, mentres que a outra metade se consume en España. Comenta que as explotacións portuguesas son grandes e están moi profesionalizadas, contando coa transformación moi cerca da zona de produción e tamén tendo unha climatoloxía idónea.

Ao contrario ca Portugal, en Galicia o sector pataqueiro non se moderniza, non conta con esa profesionalización precisa para a evolución do mesmo, o que impide estenderse a outros mercados e aprender deles.

En contraposición, o traballador do INORDE expón que o mercado cara a Portugal a día de hoxe se está perdendo, e que ata agora representaba entre un 15 e un 20 por cento, quedando o restante para o mercado nacional. Por outro lado, arredor do 70 por cento da produción total vai destinada á industria, precociñados, patacas fritas e pratos preparados, mentres que só sobre o 25 por cento da produción é para pataca en fresco, restauración e consumo de supermercado, quedando ademais case toda en Galicia.

A entrevista á traballadora de Unións Agrarias achega información de que sobre o oitenta por cento da pataca de Xinzo vai directa a almacenistas, é dicir, a produción véndese a almacéns e despois son eles os que se dedican a distribuila, sobre todo por España e Portugal. Os produtores levan as patacas aos almacéns de Xinzo - habendo dous ou tres no municipio- e despois estes son os que distribúen nos distintos mercados. Entón, o vinte por cento restante véndese directamente a fábricas de frito, con contratos directos entre as explotacións e as fábricas.

Logo, tamén existen algunhas empresas ou produtores -dous ou tres- que venden as patacas a través de internet directamente ao consumidor final. A día de hoxe, non chegan ás mil explotacións no concello pola redución e xubilación dos produtores, mais si que asegura esta entrevistada que se superan as 500.

Con respecto á transformación do produto e a ampla venda cara a fábricas de frito comentada, existen dúas fábricas de frito en Xinzo, facendo no municipio todo o proceso produtivo e sendo fábricas moi pequenas que empregan soamente a produción dunhas cantas explotacións.

De novo, o alcalde reafirma que a maior cota de mercado da pataca de Xinzo de Limia en canto a vendas ao exterior da CA é o mercado nacional sumado ao tamén relevante mercado portugués. En contraposición, e falando da pataca importada, cabe salientar a pataca chegada de Andalucía, Sevilla, Cartaxena e Francia.

Un camiño que podería ser importante para expandir o mercado e aumentar as vendas en Xinzo, segundo o alcalde, sería a inversión en transformación do produto. Mentres que a demanda en cru de pataca descende, a demanda de produtos que conteñen pataca transformada non para de aumentar.

➤ *Agora, xa falando do **papel das administracións**, pregúntase cales son as **medidas** que se consideran precisas para axudar ao sector da pataca:*

Dende Agrícola Suárez, o entrevistado fala de que na Limia hai unha escola e un ciclo de agropecuaria. Sen embargo, non hai xente para cubrir o ciclo. Nas propias explotacións estéselles inculcando aos fillos que traballar no campo é un erro. Así, non se incentiva o sector primario de cara á xente moza, o que está facendo que a xente se vaia do rural. En España hai unha fenda sectorial enorme, estámonos quedando sen oficios, e vamos quedarnos sen agricultores se seguimos este camiño.

A situación do sector podería mellorar grazas a un proxecto da Limia que está en proceso, unha modernización do regadío. Está sendo levada a cabo con financiación de todos os niveles de administración así como con fondos europeos. Non obstante, tamén habería que levar a cabo unha reagrupación parcelaria porque a día de hoxe séguense tendo as fincas dos anos setenta. Entón, habería que reparalas por parte das administracións que a día de hoxe están abandonando o sector.

O entrevistado do INORDE explica que as persoas só ven á Xunta e ás AAPP coma entidades controladoras e coercitivas cheas de inspeccións, mais hai que decatarse de que aportan moito diñeiro a Plans de Mellora, mecanización...etc, sendo financiadores cada un dos niveis de administración -dende o local ata o europeo-.

Deste xeito, tamén destaca as críticas á Unión Europea pola forte prohibición de uso de praguicidas, funxicidas, insecticidas e herbicidas.

Europa está perdendo parte de seguridade alimentaria por non subirse ao carro de outros países, podendo chegar ao momento de comprometer a situación de moitos cultivos. Estase deixando aos agricultores sen ferramentas, hai países que están empregando cousas que en Europa están prohibidas, por exemplo os transxénicos. Isto fai que importemos moitos destes cultivos en lugar de seguir producindo e consumindo aquí.

Un exemplo a seguir que menciona este entrevistado é o caso do goberno vasco, que fixo un Plan sectorial da Pataca de Sembrar, cun orzamento de 6,78 millóns de euros para o período 2025/2026 co obxectivo de recuperar o cultivo da pataca en Álava.

Dende a súa mirada, a traballadora de Unións Agrarias responde que as AAPP deberían por en valor o produto autóctono, pois comenta que en xeral o produto galego ten máis valor fóra da comunidade ca dentro dela. Así, sería conveniente que as administracións puxesen máis en valor os nosos produtos, facendo que as persoas e a sociedade valorasen a calidade dos mesmos. Neste momento a máxima etiqueta é a IXP, que é a que lle outorga un valor á pataca fóra de Galicia, mais por exemplo non existe unha etiqueta concreta para a Pataca de Xinzo.

Por outro lado, a PAC monitoriza as plantacións e as fincas, o que detecta un satélite ten que coincidir co que as explotacións declaran, e se non coincide os agricultores teñen que xustificar os motivos polos cales non coincide, ou si que coincide e corrixir os erros.

A entrevistada explica que á PAC o único que lle importa é a cantidade en superficie de parcelas que sementen os agricultores, e que ditas parcelas estean sementadas. A PAC paga por dereito, un dereito correspóndese con unha hectárea, e cada dereito ten un valor. Se téns un dereito deberías ter o mesmo número de hectáreas plantadas, e cobras segundo o número de hectáreas, tendo que rotar e diversificar as fincas. Se

tés máis de 30 hectáreas tés que ter mínimo tres cultivos, e o maioritario non pode ser máis do 75% da superficie plantada.

Os ingresos da PAC axudan moito ás explotacións, pero máis en gandería, en cereais e pataca podería chegar a ser prescindible aínda que con dificultade. Non hai axudas específicas coma si que existen en gandería por número de animais. Polo tanto, os labores da PAC poderían centrarse máis en tratar de axudar aos agricultores en lugar de unicamente poñer trabas e complicar o traballo dos mesmos.

O alcalde pensa que o máis importante das posibles actuacións é a comunicación, pois a día de hoxe aos agricultores non se lles explica nada en canto ás súas actuacións, facendo que teñan o pensamento de que as administracións so levan a cabo o rol sancionador. Sería preciso un contacto directo entre produtores, cadea alimentaria e administración, onde se forme constantemente aos primeiros.

Ademais, o alcalde suxire que as administracións tamén poderían incentivando iniciativas privadas de transformación de pataca para darlle un valor engadido e aumentar ese mercado emerxente fai anos e tan relevante a día de hoxe.

- *Sendo máis específicos, e tras ver as respostas anteriores, a continuación realízase a cuestión de **cales son as medidas concretas que os entrevistados pensan que as administracións locais poden facer para intervir no desenvolvemento do sector da pataca.***

A resposta da entrevistada de Unións Agrarias ante o papel das administracións locais e as súas posibles funcións resúmese nunha leve esperanza posta nestas. Explica que este ano saíron as axudas dos plans de mellora para pedir maquinaria, arranxos...etc. pero so a poden pedir aquelas explotacións que tiveron unha incorporación este ano ou o anterior, non se van poder acoller a estas axudas as vellas explotacións que levan toda a vida, só as novas, e sería convinte que estas axudas foran para todos. Non existe sensibilidade por parte da Xunta de cara ás políticas levadas a cabo neste sector -nin noutro-.

Ademais, os procesos son altamente burocráticos e complexos, chegando a ter que facer declaracións ficticias por verse obrigados os agricultores a cumprir prazos e encher as solicitudes.

Aínda así, o concello por exemplo conseguiu facer unha feira da pataca que lle dá publicidade á mesma, unha exposición de maquinaria e diversos stands que mostran a realidade pataqueira. Ademais, este ano fixéronse uns premios semente que se lles outorgan aos agricultores, dando así un impulso e unha contraprestación polo traballo realizado así como pola calidade do produto.

A IXP podería realizar a tarefa de por en valor o produto, mellorar o traballo que está facendo de cara a dar publicidade ao produto e darlle unha boa imaxe.

Outro punto a destacar é que día de hoxe se está ampliando o polígono de Xinzo, o que falta sería máis iniciativa para seguir ampliando este sector. Existiu unha idea de facer unha fábrica de fécula de pataca, e a entrevistada di que funcionaría a existencia de fábricas de pelado e cortado de patacas. Ademais, outra iniciativa podería ser unha fábrica que xa faga as tortillas, iniciativa que xa está funcionando noutros lugares.

Ademais, iniciativas locais para a innovación no sector poderían ser por exemplo o apoio para facer viaxes a outras zonas e aprender de novos métodos que se están facendo noutros lugares para aplicar no municipio. Así, existe o Programa Cultiva – tipo de ERASMUS agrario dunha semana- onde van interesados a unha explotación e ensínaselles o funcionamento da mesma.

Pola súa banda, dende Agrícolas Suárez o entrevistado comenta que por parte do concello hai moitos quilómetros de estradas que necesitan ser reparadas, sen embargo as limitacións económicas son elevadas e sería non asumible. Unha opción que visualiza o entrevistado sería copiar doutros países a relación entre os cobros da PAC e o estado das fincas e das cunetas, pois o concello ten moi complexo asumir os custes. Sumado a isto, tamén pon enriba da mesa a idea da existencia de partidas orzamentarias para limpeza de canles e resto de actividades, así coma “obrigar” aos veciños a limpar condicionándoos á súa subvención da PAC. O que podería facer o alcalde é propoñer esta medida e intentar que se leve a cabo dende Europa ata chegar aos gobernos locais.

Dende o goberno local, explica o alcalde, tratan de promocionar o produto coa feira da pataca e da maquinaria, celebrando xa no 2025 a sexta edición da mesma. Asemade, o mesmo ano créanse os primeiros premios semente, coa mesma finalidade de promocionar o produto estrela do concello de Xinzo de Limia.

Pensando na tecnoloxía coma un factor interesante e innovador, pregúntase aos entrevistados se pensan que esta, xunto coa intelixencia artificial, poderían constituír unha oportunidade para o desenvolvemento do sector da pataca. Así, obtéñense as seguintes ideas.

En Agrícola Suárez fai xa 15 anos que traballan con tractores de auto-guiado. A tecnoloxía é fundamental e a zona da Limia é punteira en tecnoloxía -en parte grazas a esta empresa-. O sistema de auto-guiado reduce custes e aumenta produtividade, entre outras vantaxes, por iso avanzar en tecnoloxía é un camiño que hai que seguir para evolucionar no sector pataqueiro. Sen embargo, é moi complexo dixitalizar aos agricultores e sacalos do papel e do bolígrafo.

O traballador do INORDE pon coma exemplo interesante de innovación en intelixencia artificial a utilización de sensores para a detección precoz de enfermidades da pataca. Ademais, explica que existe un sistema de aviso de condicións de humidade e outras características da pataca que xa se está a levar a cabo para a prevención de posibles pragas.

De igual xeito, a día de hoxe empréganse GPS nos tractores á hora da sembra, estratexia que xa está funcionando, como comenta a traballadora de Unións Agrarias, en Xinzo de Limia agora mesmo.

O alcalde, considerando a intelixencia artificial coma materia aínda pendente en Xinzo de Limia, expón a súa visión de aproveitar os coñecementos que se poderían adquirir en outros lugares.

- *Por último, deixouse un **espazo libre** para que cada entrevistado puidese recalcar ou tocar un novo tema que considerase de relevancia.*

Dende o INORDE o entrevistado considera que é de relevo mencionar que existen vendedores de abonos e fertilizantes, mais non enxeñeiros agrícolas no mercado. Sinala tamén que o que loxicamente falta na Limia son produtores que transformen en orixe a produción de pataca. Outro punto salientado polo entrevistado é a falta de transformación a nivel estrutural do sector, ademais de crer que o produtor de patacas debería investir en almacenamento e non tanto en maquinaria, podendo así aumentar os prezos de venda.

Sería tamén preciso fomentar o cooperativismo, dende o punto de vista do entrevistado, mais non se considera factible debido á desconfianza existente entre os produtores por mor da mala experiencia nos anos 80 con este tipo de asociacións. Por último, o entrevistado destaca a importancia da concienciación do consumidor final, das campañas e da publicidade do produto.

Con respecto a esta última pregunta aberta, a traballadora de Unións Agrarias comenta o que baixo o seu coñecemento é a problemática máis importante e destacada por todos os agricultores, a enorme cantidade de burocracia. Ademais, a entrevistada cre que faltarían asesorías que estean realmente especializadas no sector e poidan aconsellar e axudar aos agricultores.

Exemplifica a resposta tamén cunha traba tecnolóxica de cara aos agricultores menos modernizados, o caderno dixital. Mediante esta plataforma os agricultores teñen que anotar nun programa da Xunta todos os tratamentos e procesos levados a cabo, e isto tamén é un problema para as persoas que non teñen acceso ou coñecen o funcionamento destas tecnoloxías.

En último lugar, o alcalde do concello resalta a importancia de concienciar á poboación, sobre todo de Xinzo de Limia, da relevancia e impacto tanto económico coma social que ten a produción de pataca sobre o propio concello. Por outro lado, aflora de novo o tema das sociedades e cooperativas, volvendo a comentar o alcalde a reticencia da poboación agrícola de cara a incorporarse nestas iniciativas.

#### **4.4. Análise DAFO**

Logo de describir as principais ideas extraídas das entrevistas, que permiten facer unha aproximación da situación do sector -e da visión que teñen as persoas que forman parte ou traballan ben de cerca-, amósase a análise DAFO construída a partir das entrevistas focalizadas nesta temática.

**Táboa 10.** Análise DAFO realizado a partir das entrevistas.

<b>Debilidades</b>	<b>Fortalezas</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A climatoloxía da zona e as zonas inundables existentes. Iso fai que os tempos de actividade sexan cortos e se concentre a produción de pataca nun período concreto deixando o resto do ano baleiro. É a segunda zona de Galicia na que máis chove, só superada por Coristanco.</li> <li>▪ A redución do número de agricultores co paso do tempo.</li> <li>▪ Escaseza de man de obra profesional.</li> <li>▪ Aspecto menos agradable da pataca da Limia ca doutras variedades.</li> <li>▪ Pouco cooperativismo, agricultores individuais.</li> <li>▪ Elevados custes de produción.</li> <li>▪ Non se consegue o valor máximo do produto.</li> <li>▪ Pouco interese dos agricultores en canto á formación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Optimismo no sector, é o motor da comarca da Limia.</li> <li>▪ Aumento da profesionalización do sector.</li> <li>▪ Existencia de relevo xeracional.</li> <li>▪ Alto contido de materia orgánica da terra, que inflúe na calidade e sabor da pataca da Limia.</li> <li>▪ Alta durabilidade da pataca e alta calidade de fritura polo seu baixo contido en azucres redutores.</li> <li>▪ Boa conservación do produto, de setembro-outubro aguanta ata xuño, o que é importante de cara á industria.</li> <li>▪ Bo sabor da pataca, a calidade para a conservación da mesma e o fito de calidade da pataca.</li> <li>▪ Zona menos envellecida ca outras, a idade media do agricultor é menor ca noutros lugares.</li> <li>▪ Véndese toda a pataca que se produce, incluso quedando escasa nalgúns momentos.</li> </ul>
<b>Ameazas</b>	<b>Oportunidades</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mercados foráneos, alta competencia e conflitos xeopolíticos -elevan custes-.</li> <li>▪ A restrición dos fito sanitarios, que deixa menos medios para combater as pragas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Iniciativas para a transformación do produto, podendo deixar o valor engadido en Galicia sen ter que transformalo fóra.</li> <li>▪ Venda online da produción como forma innovadora de chegar a outros mercados.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pouco coidado do campo por parte das administracións públicas.</li> <li>▪ Alta importación -Francia, Holanda, Bélxica, Alemaña, Exipto, Israel e norte de África-.</li> <li>▪ Aumento de pragas e prohibición de herbicidas para combatelas.</li> <li>▪ Concepción das administracións públicas coma entes que so multan e non axudan, producindo estrés e medo aos agricultores.</li> <li>▪ Exceso de burocracia e sancións administrativas.</li> <li>▪ Declaración da zona coma vulnerable de nitratos.</li> <li>▪ Visión negativa da sociedade, asociando aos agricultores á contaminación.</li> <li>▪ Climatoloxía e cambio climático.</li> <li>▪ Restrición de produtos fito sanitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diferenciación e nichos de mercado.</li> <li>▪ Aumento da posibilidade de produción nos últimos anos debido aos cambios en tecnoloxía e modernización do sector.</li> <li>▪ Aumento da produtividade co paso do tempo, maior mecanización e por ende, aumento da produción.</li> <li>▪ Calidade e aceptación xeral do produto.</li> <li>▪ Plan de regadío que se está levando a cabo.</li> <li>▪ Valor engadido dos produtos.</li> </ul>
---	---

Fonte: elaboración propia a partir de (Ferreiro et al, en prensa)

## 5. DISCUSIÓN

O presente apartado céntrase en relacionar os principais resultados extraídos da análise realizada coa literatura previamente exposta. Así, entenderase a súa maior ou menor vinculación, que á súa vez permitirá presentar propostas de políticas a desempeñar e finalmente, as principais conclusións no último apartado.

En primeira instancia, a importancia do cultivo da pataca nas sociedades observada nos antecedentes históricos vese reflectida nos resultados tanto da análise estatística coma na corroboración por parte dos entrevistados no concello obxecto de estudo. Malia conservar parte da súa relevancia, cómpre salientar o seu detrimento co paso do tempo xa revelado por (López, 2019), e comprobado na análise posterior. Así, este trátase dun factor que infire na necesidade de paliar a tendencia que se está a desenvolver.

Despois, e no referido ao papel das administracións, as entrevistas verifican a literatura exposta no segundo apartado, xa que os entrevistados confirman que na teoría e práctica as competencias locais están demasiado limitadas. Ademais, e en consecuencia, o feito de que os reguladores do sector sexan fundamentalmente institucións europeas, estatais e autonómicas, afasta de xeito significativo aos responsables da realidade que se vive localmente.

Por outra parte, o exposto no parágrafo anterior, sumado a toda a literatura sobre a normativa comentada, denotan a excesiva burocracia de calquera trámite ao que os agricultores están sometidos. Deste xeito o amosan tamén os entrevistados coas súas respostas, salientando a complexidade que isto lle engade ao xa dificultoso traballo no sector.

Asemade, os antecedentes encontrados de políticas en pos do desenvolvemento agrario e alimentario e presentados coma literatura previa, deixan á luz a carencia das mesmas no caso concreto estudado. Debido a isto, propóñense algunhas destas políticas a xeito de implementación tanto en Galicia coma no concello de Xinzo de Limia.

## **5.1. Propostas de políticas públicas a desempeñar polo goberno local**

Tras presentar os resultados froito da análise estatística e das respostas dos expertos do sector da pataca na Limia, expóñense agora algunhas propostas de políticas públicas a aplicar tendo en conta ambos resultados.

Así, pénsase que son as políticas públicas as que deben fortalecer e fomentar a gobernabilidade e o escenario da gobernanza, considerando para isto fundamental a participación real e efectiva da cidadanía (Castillo, 2017). Por elo, tómanse en consideración as aportacións dos expertos que coñecen en profundidade tanto o sector coma o territorio estudado.

### **Proposta 1. Incentivo do sector primario a través de cursos formativos**

Relacionado coa falta de relevo xeracional que se visualizou nos resultados, os entrevistados coinciden en que ademais de non darse este relevo con grandes contías de persoas, o pouco relevo existente é debido á herdanza do negocio familiar inculcado de pais a fillos. Non obstante, a xente moza -sen antepasados que se dedicasen a este sector- que se interesa polo mesmo, é practicamente inexistente.

Ademais, algúns entrevistados concordan na falta de ciclos formativos que fundamenten a súa ensinanza no sector primario, e inclusive a existencia de estudos relativos ao sector da pataca en concreto.

Alén disto, e tendo en conta o contexto de Xinzo de Limia -concello no que o motor económico é este sector-, bótanse en falta ciclos formativos que alenten e formen ás persoas que poidan estar interesadas en comezar un futuro laboral relacionado co sector da pataca.

Por outra banda, esta política podería complementarse con múltiples talleres de formación orientados tanto á xente moza coma a aquelas persoas que queiran ampliar o seu coñecemento a pesares de xa estar introducidos laboralmente no sector, pois como se observa nas respostas ás entrevistas, atópanse problemas ante o descoñecemento dos agricultores debido á súa baixa formación.

En última instancia, e tamén relacionado coa temática da información, considérase interesante plantexar a idea de que exista un departamento no concello ao que os agricultores poidan acudir en busca do asesoramento que precisen, con profesionais especializados no sector. Isto sería beneficioso xa que, fóra das Unións Agrarias e como comentan os entrevistados, os traballadores do sector están moitas veces desinformados ou desactualizados sen ter quen os guíe.

### **Proposta 2. Tratamento e coidado do terreo con fondos locais**

Outra das grandes problemáticas que resaltan os entrevistados é a enorme cantidade de custes aos que teñen que facer fronte os agricultores. Co obxectivo de suavizar a carga que estes custes supoñen, e sendo conscientes das limitacións orzamentarias dos gobernos locais, pénsase os concellos poderían contribuír a esta redución de custes botando unha man no coidado do terreo.

É dicir, propónse un aumento no presuposto de coidado de estradas, camiños e montes, que permitan reducir o impacto económico que lles supón aos agricultores coidar os camiños e as fincas. Por exemplo, eliminar as malezas das fincas ou arranxar os camiños rurais polos que transitan os agricultores.

Deste xeito, eliminaríase unha parte de carga de traballo así como da carga económica que supón -segundo as fontes entrevistadas- que teñan que facelo os agricultores debido ao descoido do medio por parte da administración local.

### **Proposta 3. Promoción do produto mediante festividades**

A pesares de que xa existe a Feira da Pataca e os Premios Semente, considérase de relevo poñer enriba da mesa a posibilidade de aumentar estes actos con outras festividades que permitan expoñer o produto local e chegar ao maior número de público posible.

Como se presentou anteriormente, as festas e feiras gastronómicas son indispensables en múltiples territorios e, sobre todo, no contexto cultural de España e Galicia. Con estas, créase un espazo lúdico onde se promociona e dá visibilidade aos produtos, podendo incidir directamente na súa venda, mercado e desenvolvemento produtivo.

Replicando de maneira análoga a resposta dalgúns entrevistados, poñer en valor o produto local é a resposta chave para desencadear o seu próspero desenvolvemento, pois un produto invisible é un produto que perde produtividade fronte aos grandes competidores.

Deste xeito, esta política comezaría por mostrar a calidade do produto mediante distintas feiras e festividades, onde primeiro os veciños valoren a súa terra e a súa produción, para logo extrapolar esa visión ao resto de territorios expandindo o recoñecemento do mesmo. Ademais, as feiras con premios aos agricultores tamén serven coma un medio de contraprestación polo seu traballo realizado.

Con isto, podería inclusive conseguirse un distintivo único para a pataca de Xinzo de Limia fóra da etiqueta que xa posúe procedente da IXP, feito que consolidaría o valor da marca propia do produto local.

#### **Proposta 4. Cooperativas como método organizativo**

Ao longo das entrevistas tocouse esta temática en reiteradas ocasións, pois tras o fracaso da cooperativa existente en Xinzo de Limia nos anos oitenta, a poboación mostrouse reticente ante esta alternativa ata día de hoxe.

Sen embargo, semella que esta opción sería amplamente beneficiosa para a maioría de agricultores pertencentes ao sector da pataca. Como se comentou, os elevados custes serían mitigados e isto implicaría directamente unha mellora da situación particular de cada agricultor asociado.

Por iso, pénsase que é de relevo promocionar este tipo de agrupacións entre os agricultores por parte do concello. Asemade, pese a ser complexa, o que se propón é unha tarefa de concienciación e educación poboacional, permitindo así eliminar os estigmas dunha poboación desinformada e amedrentada. Deste xeito, poderían despois tomar as decisións que consideren máis óptimas, pero agora estando informados mediante charlas, conferencias ou folletos informativos.

Ademais, o propio alcalde suxire a necesidade da creación dunha cadea comunicativa formal entre os distintos niveis da administración, así como tamén un tecido comunicativo que permita o contacto directo entre produtores, a cadea alimentaria e a administración. É dicir, procesos de coordinación dentro do concello como no caso comentado do Consell de l`Horta.

## **Proposta 5. Replicación de políticas observadas**

Logo de presentar o apartado 2.5, que fala sobre algúns antecedentes en políticas para o desenvolvemento agrario e alimentario, pénsase que sería tan factible coma interesante optar por replicar algunha destas políticas que non existen no territorio estudado.

Entón, e desbotando proxectos máis ambiciosos atopados en cidades máis grandes coma a creación de Consellos Alimentarios ou Comités de Seguimento do Pacto de Milán, pénsase na creación dalgún órgano vencellado á gobernanza integral das políticas alimentarias que incorpore procesos participativos creando Mesas de Seguimento do Pacto de Milán.

Por outra banda, tamén se considera a idea de adoptar medidas coma os Parques Agrarios encontrados noutros concellos españois, sumando a isto accións denominadas “de activación social”, creación de grupos de traballo e a introdución ou mellora de plans estratéxicos.

## 6. CONCLUSIÓNS

En primeiro lugar, o aínda relevante papel do sector agrícola -e en concreto da pataca- vese fundamentado na análise estatística, que pese a denotar unha redución do peso do sector, segue a ser un pilar indispensable na economía galega. Se ben é certo, e non se pode esquecer, que España non é relevante no contexto mundial nin europeo, Galicia si que o é no conxunto español.

Ademais, os datos mostran a preponderancia da provincia de Ourense por enriba do resto de CCAA galegas, facendo visible o interese da temática a nivel ourensán. No relativo ao caso concreto de Xinzo de Limia, a pesares do aumento de produción comentado por algún dos entrevistados, tamén se revela a pouca veracidade dos datos oficiais, pois as hectáreas sementadas vense reducidas polo avellentamento produtivo, as pragas e o éxodo rural.

O escaso relevo xeracional tamén inflúe directamente nesta perda continua do sector da pataca, pois como se deixa en claro, cada vez son menos os mozos que deciden quedar no rural traballando en labores agrarias. Ademais, existe pouca captación externa, xa que case os únicos relevos existentes son os fillos dos que xa traballan coma agricultores.

Outro punto a salientar é a baixa mecanización e innovación que se emprega no sistema galego de produción de patacas con respecto a outros territorios, mesmo no interior de España. Este feito fai que a competitividade non xogue ao favor do mercado galego, facendo á súa vez perder oportunidades de crecemento e desenvolvemento.

Unha problemática significativa é a falta de man de obra cualificada, chegando a un punto onde as capacidades dos agricultores están limitadas e non se pode alcanzar un nivel de produción maior. Ademais, vencellado a isto, tampouco se atopan oportunidades de cualificación e profesionalización no sector dentro do concello e mesmo da comarca, pois encóntrase unha escaseza de oferta de estudos relacionados.

Ademais, múltiples fontes de entrevistados afirman que os custes que asumen os agricultores son excesivos e que, por enriba, se mostran reticentes a conformar cooperativas ou semellantes por ignorancia sobre a temática e medo a fracasos pasados.

En cómputo global, os entrevistados coinciden en que a calidade do produto é excepcional, mais a realidade é que os prezos que se lles pagan aos agricultores son limitados, aumentando o prezo final debido á subida que representa o aumento de prezo por parte dos almacenistas.

En canto ao mercado da pataca, cabe destacar a súa case inexistente internacionalización, que fai consecuentemente que se consuma toda a produción dentro do país, impedindo á súa vez o desenvolvemento do sector que se dá noutros lugares do mundo.

Existen outras problemáticas detectadas que determinan as complicacións de cara ao desenvolvemento do sector pataqueiro, coma a climatoloxía adversa, as pragas, as altas restricións fito sanitarias, o pouco coidado do campo por parte das administracións e a excesiva burocratización e sancións do sistema administrativo.

En última instancia, e relacionado co papel dos gobernos locais na temática de desenvolvemento agrario e alimentario, comprobouse a través do marco teórico legal e da análise en profundidade do sector que, como ben se antepoñía, as accións locais son limitadas debido ás competencias que se lles atribúen a tales administracións. Non obstante, existen alternativas e políticas públicas que se poden levar a cabo en pos do desenvolvemento do sector pataqueiro, como por exemplo o incentivo para a creación de cooperativas, a realización de eventos ou o investimento en cursos formativos.

## 7. BIBLIOGRAFÍA

Barrera, E., & Bringas Alvarado, O. (2009). Rutas Alimentarias: una estrategia de negocios inclusivos que vincula las políticas agrarias y turísticas. *Etudes caribéennes*, 13/14, 217–238. <https://doi.org/10.4000/etudescaribeennes.3828>.

Botana Iglesias, C., & Novas Ferradás, M. (2023). Ecoproductoras invisibles. Espacios de la agricultura familiar gallega para el autoconsumo de proximidad. *Astrágalo* (Ciudad Autónoma de Buenos Aires), 33–34, 259–284. <https://doi.org/10.12795/astragalo.2023.i33-34.14>.

Cadena SER. (2025, 24 de febrero). Cartagena promoverá la patata temprana de La Puebla a través de su integración en la Red de Municipios Productores. <https://cadenaser.com/murcia/2025/02/24/cartagena-promovera-la-patata-temprana-de-la-puebla-a-traves-de-su-integracion-en-la-red-de-municipios-productores-radio-cartagena/>.

Castillo Cubillos, M. (2017). El papel de la participación ciudadana en las políticas públicas urbanas, bajo el actual escenario de la gobernanza. *CS* (Universidad Icesi. Facultad de Derecho y Ciencias Sociales), 23, 157–180. <https://doi.org/10.18046/recs.i23.2281>.

Coceder. (2025). Limia-Ourense. <https://volveralpueblo.coceder.org/nuestras-comarcas/galicia/limia-ourense>.

Comisión Europea. (2025). La política agrícola común en pocas palabras. [https://agriculture.ec.europa.eu/common-agricultural-policy/cap-overview/cap-glance\\_es](https://agriculture.ec.europa.eu/common-agricultural-policy/cap-overview/cap-glance_es).

Comisión Europea. (2025). Política agraria de la UE en España. Representación de la Comisión Europea en España. [https://spain.representation.ec.europa.eu/estrategias-y-prioridades/politicas-clave-de-la-ue-en-espana/politica-agraria-de-la-ue-en-espana\\_es](https://spain.representation.ec.europa.eu/estrategias-y-prioridades/politicas-clave-de-la-ue-en-espana/politica-agraria-de-la-ue-en-espana_es).

Ferreiro-Seoane, F.J.; Del Campo-Villares, M.O.; Ríos-Blanco, A.; Jardón-Ferreiro, E.; García-Alonso, T. (en prensa). *Análise do sector da pataca na comarca da Limia*. USC. Proxecto investigación código 2025-CP098.

Hernández Borge, J. (2011). Despoboamento e avellentamento: Galicia cara ao ano 2020. *Revista Galega de Economía*, --, 121–140.

Instituto Galego de Estatística. (2022). Selector de serie estadística IGEDT. [https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=418&R=1\[all\]&C=9912\[all\]&F=T\[1:0\]&S=&NA=1](https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=418&R=1[all]&C=9912[all]&F=T[1:0]&S=&NA=1).

Instituto Galego de Estatística. (2024). Marco estadístico SEFC. [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_marco.jsp?app=SEFC&ESP=3204](https://www.ige.gal/web/mostrar_marco.jsp?app=SEFC&ESP=3204).

IXP Pataca de Galicia. (2025). Sitio web oficial. <https://patacadegalicia.net>.

La Región. (2023, 1 de diciembre). La producción de patata cayó a 30 millones de kilos en A Limia. <https://www.laregion.es/articulo/a-limia/produccion-patata-cayo-30-millones-kilos-ano/202312010733151258365.html>.

López-Iglesias, E. (2019). El sector agrícola y agroalimentario en Galicia; Evaluación de los cambios desde la integración europea, 1986-2016. *Revista Galega De Economía*, 28 (3), 1-20. <https://doi.org/10.15304/rge.28.3.6168>.

López Mateo, M. C. (2007). Efectos agronómicos y ambientales de la fertilización en el cultivo de patata en A Limia (Ourense). Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

López-García, D., Alonso-Leal, N., García-García, V., Molero-Cortés, J., García-Fernández, J., Arroyo-Escudero, L., & Herrera-Calvo, P. M. (2020). Ámbitos de gobernanza en las políticas alimentarias urbanas: una mirada operativa. *Estudios Geográficos*, 81(289), e051–e051. <https://doi.org/10.3989/estgeogr.202065.065>.

López-Giraldo, L. A., & Franco-Giraldo, Á. (2015). Revisión de enfoques de políticas alimentarias: entre la seguridad y la soberanía alimentaria (2000-2013). *Cadernos de Saúde Pública*, 31(7), 1355–1369. <https://doi.org/10.1590/0102-311X00124814>.

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (2023). Boletín: Encuesta sobre Superficies y Rendimientos de Cultivos. Año 2023. [https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/boletin20231\\_tcm30-690544.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/boletin20231_tcm30-690544.pdf).

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (2023). Plan Estratégico de la PAC 2023-2027. Gobierno de España. [https://www.mapa.gob.es/es/pac/pac-2023-2027/pepac-33\\_tcm30-704028.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/pac/pac-2023-2027/pepac-33_tcm30-704028.pdf).

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (2024). Informe resultados patata campaña 2023. <https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/agricultura/temas/producciones-agricolas/patata/informeresultadospatatacampana2023.pdf>.

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (2025). Informe de campaña de patata 2024. <https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/agricultura/temas/producciones-agricolas/patata/informecampana2024depatata.pdf>.

Piqueras Haba, J. (1992). La difusión de la patata en España (1750-1850): el papel de las sociedades económicas y del clero rural. *Ería: Revista cuatrimestral de geografía*, 27, 80–89.

Piattoni, S. (2009). Multi-level governance: A historical and conceptual analysis. *Journal of European Integration*, 31(2), 163–180. <https://doi.org/10.1080/07036330802642755>.

Xunta de Galicia. (1981). Estatuto de Autonomía de Galicia [Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril]. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 91, de 16 de abril de 1981. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1981-9564>.

Xunta de Galicia. (2022). A Xunta destaca o potencial agrario da Limia e a importancia do sector da pataca para a comarca. <https://www.xunta.gal>.

## **ANEXO 1.** Cuestionario realizado nas entrevistas aos expertos do sector da pataca.

**Nome e apelidos:**

**Data:**

**Institución:**

- 1) Como percibe a evolución da **produción** da pataca en Galicia e no concello de Xinzo de Limia?
- 2) Como percibe a evolución dos **custes de produción** da pataca en Galicia no concello de Xinzo de Limia?
- 3) Percibe vostede que hai relevo xeracional ou que a **xente moza** aposta por este sector?
- 4) Como percibe a **calidade** da pataca en Galicia e no concello de Xinzo de Limia?
- 5) Como percibe a **evolución dos prezos** da pataca en Galicia e no concello de Xinzo de Limia?
- 6) Como percibe **o mercado da pataca** en Galicia e no concello de Xinzo de Limia?
- 7) Que medidas considera que deben tomar **as administración (Unión Europea, Goberno de España e Xunta de Galicia)** para axudar ao sector da pataca?
- 8) Que medidas concretas pensa vostede que poden facer as **administracións locais** para o desenvolvemento do sector da pataca?
- 9) A **intelixencia artificial** ou a tecnoloxía poden constituír unha oportunidade para o desenvolvemento do sector?

**10) Análise DAFO.**

<b>Debilidades</b>	<b>Fortalezas</b>
<b>Ameazas</b>	<b>Oportunidades</b>

**11) Outras consideracións.**